

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de marzo de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 13 de marzo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Jorge Cubela López*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35954.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2026.

2. 36212.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A ADQUISICIÓN E REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSAIS E VESTIARIO PROPIO DE AGRUPACIÓNS MUSAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (EXPTES. 2026001825 E 2026001828)

Antecedentes:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos prioritarios a protección, promoción e conservación do patrimonio cultural de Galicia, entendido este como un elemento esencial de identidade e cohesión social. Neste contexto, e co fin de contribuír á posta en valor da riqueza musical existente na provincia e fomentar a dinamización cultural do territorio, a Deputación considera necesario establecer unha nova liña de axudas destinada á adquisición e reparación de instrumentos musicais e de vestiario propio das agrupacións musicais da provincia de Pontevedra, que contribúen á preservación do patrimonio inmaterial e á transmisión das nosas tradicións.



Esta institución responde, con esta convocatoria, a un claro interese público, na medida en que apoia o fortalecemento do tecido asociativo cultural da provincia e contribúe activamente á conservación e difusión do patrimonio inmaterial galego. As formacións musicais tradicionais, como bandas de música, masas corais ou agrupacións folclóricas, desempeñan un papel fundamental na vida cultural e social das comunidades locais, promovendo a participación cidadá, a cohesión social e o relevo xeracional. Ao facilitarlles medios materiais axeitados, como instrumentos musicais e vestuario, a Deputación de Pontevedra garante a continuidade destas manifestacións culturais e dinamiza, ao mesmo tempo, a actividade cultural no territorio, ademais de reafirmar o compromiso institucional coa identidade e a diversidade cultural galegas.

Segundo.- Esta convocatoria define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a financiar os grupos e asociacións musicais da nosa provincia que se dedican a promover, difundir e practicar música, para a adquisición e a reparación de instrumentos musicais e de vestuario propio, que se leven a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Terceiro.- Poderán solicitar estas subvencións as entidades asociativas sen ánimo de lucro legalmente constituídas, con sede na provincia de Pontevedra, que teñan entre os seus fins a promoción, difusión ou práctica da música tradicional, popular ou clásica galega, e que contén con formacións musicais estables (como bandas de música, corais, rondallas ou agrupacións folclóricas), dependentes da propia entidade.

Cuarto.- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas subvencións convócanse por un importe total de douscentos mil (300.000,00) euros, en dúas liñas de actuación e con cargo a dúas aplicacións orzamentarias:

Liña	Aplicación	Importe
Liña 1. Adquisición de instrumentos e de vestuario	26/330.3340.789.00	250.000,00 €
Liña 2. Gasto corrente: reparación de instrumentos e de vestuario	26/330.3340.489.05	50.000,00 €

O importe máximo da subvención que se conceda, en cada caso, non poderá exceder do 75 % do orzamento total presentado e o límite máximo por persoa beneficiaria será de tres mil (3.000,00) euros.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2026 destinados á adquisición ou reparación de instrumentos musicais e vestuario propio, sempre que estean dirixidos ás entidades recollidas na base precedente, contén con agrupacións musicais activas e respondan ás finalidades indicadas na base segunda.

Para os efectos destas bases, establécense dúas liñas diferenciadas de actuación subvencionable:

Liña 1. Adquisición de equipamento musical e vestuario:

- Adquisición de instrumentos musicais para o uso das agrupacións dependentes da entidade solicitante.
- Adquisición de vestuario propio (uniformes, traxes tradicionais etc.) destinado ás devanditas agrupacións musicais.



Liña 2. Reparación de equipamento musical e vestuario:

- Reparación de instrumentos musicais en uso por parte das agrupacións musicais da entidade.
- Reparación do vestuario propio das agrupacións musicais da provincia.

Quinto.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta da proposta de bases reguladoras.

Sexto.- Visto o informe favorable de Intervención de data 27 de febreiro de 2026 e con CSV: 81Z6Y5JBURSHPU2K.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44 da Constitución española, no seu apartado primeiro, dispónse que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas e todos teñen dereito. Este mandato vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

No artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), entre as competencias propias das deputacións recóllese a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Neste sentido, no título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa, para fomentar a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia.



Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro da provincia de Pontevedra para a adquisición e reparación de instrumentos musicais e de vestiario propio, que se leven a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, que figuran co CSV: XSNVW86TT8CRLX21 que son do seguinte teor:

“BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A ADQUISICIÓN E REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E VESTIARIO PROPIO DE AGRUPACIÓNS MUSICAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos prioritarios a protección, promoción e conservación do patrimonio cultural de Galicia, entendido este como un elemento esencial de identidade e cohesión social. Neste contexto, e co fin de contribuír á posta en valor da riqueza musical existente na provincia e fomentar a dinamización cultural do territorio, a Deputación considera necesario establecer unha nova liña de axudas destinada á adquisición e reparación de instrumentos musicais e de vestiario propio das agrupacións musicais da provincia de Pontevedra, que contribúen á preservación do patrimonio inmaterial e á transmisión das nosas tradicións.

Con esta nova convocatoria, que conta cun incremento orzamentario en relación coa convocatoria anterior, a Deputación apoia o fortalecemento do tecido asociativo cultural da provincia e contribúe activamente á conservación e difusión do patrimonio inmaterial galego. As formacións musicais tradicionais, como bandas de música, masas corais ou agrupacións folclóricas, desempeñan un papel fundamental na vida cultural e social das comunidades locais, promovendo a participación cidadá, a cohesión social e o relevo xeracional. Ao facilitarlles medios materiais axeitados, como instrumentos musicais e vestiario, a Deputación de Pontevedra garante a continuidade destas manifestacións culturais e dinamiza, ao mesmo tempo, a actividade cultural no territorio, ademais de reafirmar o compromiso institucional coa identidade e a diversidade cultural galega.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 44 da Constitución española, no seu apartado primeiro, dispónse que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas e todos teñen dereito. Este mandato vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

No artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), entre as competencias propias das deputacións recóllese a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Neste sentido, no título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa, para fomentar a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Así mesmo, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como



elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, dentro do seu obxectivo de promover e fomentar a cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, dirixidas a entidades sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, destinadas á adquisición de instrumentos musicais e de vestiario daquelas formacións musicais dependentes destas entidades, que contribúen á preservación do patrimonio inmaterial e á transmisión das nosas tradicións.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento polo que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro da provincia de Pontevedra destinadas a financiar os grupos e asociacións musicais da nosa provincia que se dedican a promover, difundir e practicar música, para a adquisición e a reparación de instrumentos musicais e de vestiario propio, que se leven a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Segunda. Finalidade

A finalidade destas axudas é reforzar e favorecer a calidade musical das nosas agrupacións musicais co fin de que poidan incrementar a actividade cultural no noso territorio, entendida como un motor de cambio, dinamización e transformación social.

Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade. En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien os indicados investimentos, unha vez teñan coñecemento da súa existencia e sempre antes de xustificar os fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios para realizar a adquisición ou reparación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Cuarta. Dotación económica e réxime económico

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas subvencións convócanse por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €), en dúas liñas de actuación e con cargo a dúas aplicacións orzamentarias:



Liña	Aplicación	Importe
Liña 1. Adquisición de instrumentos e de vestiario	26/330.3340.789.00	250.000,00 €
Liña 2. Gasto corrente: reparación de instrumentos e de vestiario	26/330.3340.489.05	50.000,00 €

O importe máximo da subvención que se conceda, en cada caso, non poderá exceder do 75 % do orzamento total presentado e o límite máximo por persoa beneficiaria será de tres mil euros (3.000,00 €).

Quinta. Entidades destinatarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades asociativas sen ánimo de lucro legalmente constituídas, con sede na provincia de Pontevedra, que teñan entre os seus fins a promoción, difusión ou práctica da música tradicional, popular ou clásica galega, e que contén con formacións musicais estables (como bandas de música, corais, rondallas ou agrupacións folclóricas), dependentes da propia entidade. As entidades deberán estar debidamente inscritas no rexistro correspondente e reunir os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as anpas, as comisións de festas, as comparsas, os grupos de teatro, as batucadas, as confrarías etc. nin as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para a adquisición ou reparación de instrumentos e vestiario concedidas no exercicio anterior

Sexta. Gastos subvencionables e liñas de axuda

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2026 destinados á adquisición ou reparación de instrumentos musicais e vestiario propio, sempre que estean dirixidos ás entidades recollidas na base precedente, contén con agrupacións musicais activas e respondan ás finalidades indicadas na base segunda.

Para os efectos destas bases, establécense dúas liñas diferenciadas de actuación subvencionable:

Liña 1. Adquisición de equipamento musical e vestiario:

- Adquisición de instrumentos musicais para o uso das agrupacións dependentes da entidade solicitante.
- Adquisición de vestiario propio (uniformes, traxes tradicionais etc.) destinado ás devanditas agrupacións musicais.

Liña 2. Reparación de equipamento musical e vestiario:

- Reparación de instrumentos musicais en uso por parte das agrupacións musicais da entidade.
- Reparación do vestiario propio das agrupacións musicais da provincia.

Quedan expresamente excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, os seguintes conceptos:

- Equipos informáticos (ordenadores, fotocopiadoras, monitores, tabletas, etc.) e calquera outro material alleo á actividade musical das agrupacións.
- Equipos de son e iluminación.
- Accesorios musicais como partituras, atrís, soportes ou elementos similares non considerados investimento principal.
- Os complementos, as xoias, os postizos, os botóns, os corchetes, os lazos ou elementos similares non considerados investimento principal.



Sétima. Contía, límites e condicións das subvencións

No marco desta convocatoria, só se poderá conceder unha subvención por entidade solicitante, en cada unha das liñas previstas, sen prexuízo de poder concorrer a ambas, sempre que cumpra cos requisitos establecidos para cada unha delas. En ningún caso se concederá máis dunha subvención por liña á mesma entidade.

A contía da subvención concedida non poderá exceder o 75 % do orzamento total presentado, sempre que os custos sexan considerados elixibles consonte ao establecido nestas bases.

O importe máximo total que poderá percibir cada entidade beneficiaria ao abeiro desta convocatoria será de tres mil euros (3.000,00 €), con independencia das liñas subvencionables solicitadas.

Oitava. Lugar de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema CK@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade.*
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.*
- c. Domicilio fiscal da entidade interesada.*

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria por cada unha das liñas, na que se indicará o investimento ou reparación concreta que se vai realizar.

As entidades deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa, asinada pola persoa representante da entidade, na que se xustifique a necesidade da adquisición ou, se é o caso, da reparación prevista. Deberá incluír unha relación detallada e desagregada dos bens para os que se solicita a subvención, na que se indique a súa función dentro da agrupación musical e a súa contribución á actividade da entidade.*

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.



Se algunba das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> e <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo cuarta. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

1) Orzamento total do obxecto da subvención:

a. Para a adquisición de instrumentos ou vestiario, ata 50 puntos:

≤ 1.500	5 puntos
$> 1.500 \leq 3.000$	15 puntos
$> 3.000 \leq 6.000$	20 puntos
$> 6.000 \leq 9.000$	30 puntos
$> 9.000 \leq 12.000$	40 puntos
> 12.000	50 puntos



b. Para a reparación de instrumentos ou vestiario, ata 50 puntos:

≤500 €	5 puntos
>500 ≤1.000	15 puntos
>1.000 ≤1.500	20 puntos
>1.500 ≤2.000	30 puntos
>2.000 ≤3.000	40 puntos
>3.000	50 puntos

-

2) Porcentaxe solicitada de financiamento (non superior ao 75 % do orzamento), ata 50 puntos:

≤25 %	50 puntos
>25 % ≤35 %	40 puntos
>35 % ≤45 %	30 puntos
>45 % ≤55 %	20 puntos
>55 % ≤65 %	10 puntos
>65 % ≤75 %	5 puntos

A Deputación poderá requirir-lles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, tendo en conta que o conxunto de todas elas non supere o 100 % do custo do investimento que leve a cabo a entidade beneficiaria.

Décimo quinta. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo cuarta e no que explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do Servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Cultura.
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un do persoal técnico do Servizo de Intervención.
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto.

A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.
- Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.



Unha vez transcorridos 6 meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda, non se danen dereitos de terceiras persoas e non se modifique a puntuación obtida respecto á porcentaxe de financiamento.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova adquisición ou da reparación é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao seu importe e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova adquisición ou da reparación é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias da subvención teñen que cumprir as seguintes obrigas:

- a) *Levar a cabo o gasto que fundamenta a concesión da subvención entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.*
- b) *Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.*
- c) *Proporcionar en todo momento a información que lles sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación de Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.*
- d) *Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do proxecto obxecto da subvención de acordo co disposto no artigo 18.4 da LXS. Estas medidas consistirán na inclusión dos logotipos institucionais, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa para os proxectos subvencionados, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>, na páxina web e nas redes sociais das entidades beneficiarias ou, no seu defecto, nos medios de comunicación públicos.*
- e) *Comunicar por escrito a súa renuncia á axuda concedida, cando non sexa posible realizar a adquisición para a que esta se lle concedeu ou cando non poida cumprir as condicións previstas nesta orde e no artigo 14 da LXS.*
- f) *Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.*

Décimo oitava. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizado o investimento, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 31 de xaneiro de 2027.

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos aos gastos excluídos na base sexta.



Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos, segundo o previsto na base décimo terceira:

- a. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se fará constar de forma expresa os instrumentos ou o vestiario realmente adquiridos.
- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. En cada unha deberase indicar o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.
- c. Conta xustificativa dos gastos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, ademais de poñerse de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.
- d. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible unha forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.
- g. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da dita finalidade.
- h. Para cobrar a axuda concedida, as entidades, no momento do pago, deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- i. Acreditar a debida difusión, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento do investimento por parte do organismo provincial a través do logotipo da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Vixésima. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo oitava sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.



A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do procedemento da perda de dereito ao cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo primeira. Devolución ou reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, logo da instrución do procedemento de reintegro ou devolución, nos seguintes casos:

- *Se se obtiñen falseando as condicións requiridas.*
- *Se non se aplican aos fins para os que se concederon.*
- *Se a entidade beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésimo segunda. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2026, e cumprindo o contemplado no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo terceira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”



3. 36213.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS (DPOVAN) PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SUA ACTIVIDADE DEPORTIVA HABITUAL NO ANO 2026. (EXPTE. 2026002540)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda en data 11/02/2026 da inicio o expediente para a tramitación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026.

Terceiro.- En data 12/02/2026 o servizo de Deportes emite memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 12/02/2026 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local



Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva. A selección das entidades beneficiarias e a determinación do importe seguirán os pasos establecidos nas bases.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.



Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A concesión da subvención estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.789.05 do Orzamento da Deputación correspondente ao ano 2026, por un importe total de un millón de euros (1.000.000,00 €).

Co obxectivo de atender as necesidades específicas dos distintos ámbitos do tecido deportivo provincial, establécese unha distribución diferenciada do crédito dispoñible entre os ámbitos de actuación, asignándose a cada unha delas un importe máximo:

Deporte xeral.....	550.000,00 €
Deporte náutico.....	350.000,00 €
Deporte para persoas con discapacidade.....	100.000,00 €

Esta cantidade poderase incrementar ata un máximo de 500.000,00 euros, segundo as circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, antes da resolución da concesión da subvención.

Este incremento deberase publicar, antes da resolución de concesión, nos mesmos medios que a convocatoria, e indicarse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras (DEPOVAN) para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026, co seguinte teor literal:



“BASES REGULADORAS (DEPOVAN) PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA HABITUAL NO ANO 2026

O deporte constitúe unha actividade de interese xeral, recoñecida como ferramenta fundamental para o benestar físico e emocional, a inclusión social, a promoción de hábitos saudables e a transmisión de valores coma o esforzo, o respecto e a cooperación. Neste contexto, as entidades deportivas e as e os deportistas atópanse frecuentemente coa necesidade de dispoñer de medios de transporte que lles permitan desenvolver a súa actividade, tanto en termos de accesibilidade coma de seguridade.

Así, a realidade da práctica deportiva, especialmente no ámbito competitivo, implica intrinsecamente a necesidade de contar con recursos adecuados para garantir a mobilidade eficiente e segura das e dos deportistas aos lugares de adestramento e competición. Facilitar esta mobilidade contribúe directamente á mellora das condicións nas que se desenvolven as distintas modalidades deportivas e ao óptimo rendemento das e dos atletas.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra, a través do seu Servizo de Deportes, continúa a súa aposta e compromiso co fomento e desenvolvemento do deporte na provincia, prestándolles apoio fundamental aos clubs e deportistas, e dá continuidade a unha liña de subvención destinada a sufragar os custos derivados da adquisición ou adaptación de vehículos e medios de transporte especificamente vinculados á actividade deportiva. Esta medida responde non só ao compromiso institucional co desenvolvemento deportivo, senón tamén á necesidade de garantir a igualdade de oportunidades no acceso e práctica deportiva, especialmente para aquelas persoas ou entidades que, polas súas circunstancias, requiren adaptacións específicas.

Neste contexto, o obxectivo primordial destas bases é establecer un réxime de axudas destinado a facilitar os desprazamentos necesarios para a participación en adestramentos, competicións e outras actividades propias do ámbito deportivo das entidades beneficiarias. Con esta iniciativa, a Deputación busca mellorar as condicións de mobilidade e promover unha práctica deportiva segura, estruturada e accesible para todos os deportistas da provincia, con especial atención ás necesidades específicas das persoas con discapacidade.

Desde o punto de vista competencial, de acordo co establecido na Lei 3/2021, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen a competencia de fomentar e difundir o deporte nos seus territorios. Ademais, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, recoñécense este e a actividade física como prácticas esenciais para toda a cidadanía, e destácase o papel clave das entidades locais na súa promoción.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura, da educación e do deporte.

Estas subvencións encádranse no marco normativo vixente en materia de axudas públicas, e segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficiencia no uso dos recursos públicos. Nestas bases reguladoras defínense os requisitos, os gastos subvencionables, os procedementos de solicitude e resolución e os criterios de valoración para asegurar unha distribución xusta e rigorosa dos fondos dispoñibles.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra pon en marcha esta convocatoria para facilitar os desprazamentos necesarios para participar en adestramentos, competicións e outras actividades propias do ámbito deportivo das entidades beneficiarias, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, baixo os termos e condicións que se detallan nas seguintes



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados aos desprazamentos para poder realizar a súa actividade deportiva habitual.

Estas axudas están dirixidas á adquisición de vehículos, remolques ou aparellos específicos para deportistas con discapacidade, ou á adaptación de vehículos, co fin de facilitar os seus desprazamentos a adestramentos, competicións e outras actividades propias do seu ámbito de actuación.

Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán adquirir a condición de beneficiarias as asociacións e clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos, inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Cada entidade poderá presentar:

- a) Entidades non beneficiarias na convocatoria 2025: ata dúas solicitudes relativas á adquisición ou adaptación de medios de transporte directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual.*
- b) Entidades beneficiarias na convocatoria 2025: unha única solicitude relativa á adquisición ou adaptación dun medio de transporte.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nas disposicións concordantes da normativa autonómica de aplicación.

Terceira. Réxime de concorrencia e valoración

A convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Para os efectos da asignación do crédito, establécense dous réximes internos de prelación:

- Réxime xeral: integrado polas solicitudes correspondentes á primeira adquisición ou adaptación de medio de transporte presentada por entidades non beneficiarias na convocatoria 2025.*
- Réxime especial: integrado polas solicitudes presentadas por entidades beneficiarias na convocatoria 2025 e polas solicitudes correspondentes á segunda adquisición ou adaptación presentada por entidades non beneficiarias na convocatoria 2025.*

As solicitudes valoraranse conforme aos criterios establecidos na base décimo quinta.

A proposta de concesión das solicitudes incluídas no réxime especial efectuarase unicamente no suposto de que, unha vez resoltas as solicitudes do réxime xeral por orde de puntuación, exista crédito dispoñible suficiente.

Dentro de cada réxime, as solicitudes ordenaranse segundo a puntuación obtida.

Cuarta. Ámbitos de actuación

As axudas distribuiranse en tres ámbitos de actuación diferenciados:

- Deporte xeral: dirixido a clubs deportivos que practiquen calquera modalidade deportiva federada, agás aquelas incluídas nas liñas de deporte náutico ou deporte para persoas discapacitadas.*
- Deporte náutico: dirixido a clubs deportivos que practiquen modalidades ou especialidades deportivas náuticas. O deporte náutico comprende todas aquelas disciplinas que se desenvolven no medio acuático, tanto en augas interiores coma no mar, utilizando embarcacións, equipamentos específicos ou directamente o corpo humano como medio de interacción coa*



auga. Inclúense, con carácter enunciativo e non restritivo, entre outras, as actividades de vela, piragüismo, remo, surf, windsurf, kitesurf, esquí náutico ou pádel surf.

- Deporte para persoas con discapacidade: dirixido a clubs deportivos que acrediten unha traxectoria mínima de dous anos na promoción ou práctica do deporte por parte de persoas con discapacidade. Esta acreditación deberá realizarse a través dalgunha das seguintes vías:
 - Coa participación continuada, durante polo menos os dous últimos anos, en competicións ou actividades organizadas por federacións deportivas que contén con modalidades ou disciplinas específicas para persoas con discapacidade.
 - Coa participación continuada, durante polo menos os dous últimos anos, en competicións ou actividades promovidas por federacións específicas de deporte adaptado, como a Federación Galega de Deporte Adaptado ou as distintas federacións españolas de deporte para persoas con discapacidade.
 - Coa promoción e fomento das persoas con algunha discapacidade, durante polo menos os dous últimos anos. Neste apartado, a Deputación valorará proxectos que demostren un labor significativo na inclusión de persoas con discapacidade no deporte. A acreditación e avaliación deste ámbito realizarase mediante o Anexo I.b). No caso de non desenvolver a súa actividade a nivel federativo, a entidade deberá achegar unha memoria explicativa na que describa o proxecto para o que solicita a axuda, detalle as actividades previstas e xustifíque a necesidade do vehículo, remolque ou actuación obxecto da subvención.

Quinta. Financiamento

A concesión das subvencións reguladas nestas bases estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.789.05 do Orzamento da Deputación correspondente ao ano 2026, por un importe total de un millón de euros (1.000.000,00 €).

Co obxectivo de atender as necesidades específicas dos distintos ámbitos do tecido deportivo provincial, establécese unha distribución diferenciada do crédito dispoñible entre os ámbitos de actuación, asignándose a cada unha delas un importe máximo:

Deporte xeral.....	550.000,00 €
Deporte náutico.....	350.000,00 €
Deporte para persoas con discapacidade.....	100.000,00 €

Esta cantidade poderase incrementar ata un máximo de 500.000,00 euros, segundo as circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, antes da resolución da concesión da subvención.

Este incremento deberase publicar, antes da resolución de concesión, nos mesmos medios que a convocatoria, e indicarse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Sexta. Liñas de actuación e contías máximas subvencionables

As subvencións reguladas nestas bases estrutúranse en función de cinco liñas de actuación diferenciadas, segundo o tipo de investimento realizado, e establécese para cada unha delas un importe máximo subvencionable.



As liñas de actuación subvencionables e os seus importes máximos por solicitude son os seguintes:

<i>Liñas de actuación</i>	<i>Ámbitos de actuación</i>	<i>Importe máximo de subvención</i>
1. <i>Adquisición de vehículos novos ou KM cero</i>	<i>Todos os ámbitos</i>	<i>25.000,00 €</i>
2. <i>Adquisición de vehículos de segunda man</i>	<i>Todos os ámbitos</i>	<i>15.000,00 €</i>
3. <i>Adquisición de remolques</i>	<i>Todos os ámbitos</i>	<i>5.000,00 €</i>
4. <i>Traballos de adaptación de vehículos</i>	<i>Só para o deporte para persoas con discapacidade</i>	<i>5.000,00 €</i>
5. <i>Adquisición de aparellos específicos para facilitar o traslado de deportistas con discapacidade</i>	<i>Só para o deporte para persoas con discapacidade</i>	<i>5.000,00 €</i>

O importe total solicitado non poderá superar en ningún caso os límites establecidos por liña ou o 80 % do orzamento da actuación subvencionada.

Sétima. Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza do investimento subvencionado e resulten estritamente necesarios para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade vinculados á actividade deportiva habitual da entidade beneficiaria, conforme ás liñas de actuación previstas nesta convocatoria, realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

No caso de adquisición de vehículos novos, estarán incluídos os gastos de matriculación. Os vehículos de segunda man só serán subvencionables cando sexan adquiridos a concesionarios, talleres oficiais ou establecementos similares e teñan a primeira matriculación con data posterior ao 1 de xaneiro de 2022. O resto dos gastos subvencionables deberá corresponder a bens ou servizos novos e sen uso previo.

Oitava. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

As entidades non beneficiarias na convocatoria 2025 poderán presentar ata dúas solicitudes relativas á adquisición ou adaptación de medios de transporte directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual, mentres que as entidades beneficiarias na convocatoria 2025 só poderán presentar unha única solicitude relativa á adquisición ou adaptación dun medio de transporte.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

En caso de representación, se non se utiliza certificado electrónico cualificado de persoa representante deberase presentar a acreditación da representación da entidade solicitante.



Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes.
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Consulta de datos de vehículos.
- Consulta da listaxe de vehículos dun titular.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda autonómica galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

En caso de que as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décimo primeira. Documentación

As entidades solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

a) Anexo I. Certificado federativo:

- Deporte xeral e ámbito náutico (Anexo I.A). Certificado federativo de licenzas e desprazamentos, emitida pola federación correspondente, na que consten as licenzas totais do ano 2025 e os desprazamentos realizados pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 ata a data límite de presentación de solicitudes.
- En deporte para persoas con discapacidade (Anexo I.B). Certificación federativa de licenzas e desprazamentos para o ámbito de deporte para persoas con discapacidade, emitida pola federación correspondente, na que consten as licenzas totais do ano 2025, os desprazamentos realizados pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 ata a data límite de presentación de solicitudes e a xustificación acreditando que o club conta cunha traxectoria mínima de dous anos na promoción ou práctica do deporte por parte de persoas con discapacidade.

No caso de non levar a cabo a súa actividade a nivel federativo a entidade entregará unha memoria explicativa, na que a entidade describirá o proxecto para o que solicita a axuda, detallando as actividades previstas e xustificando a necesidade do vehículo, remolque ou actuación obxecto da subvención.

b) Orzamento do investimento.

A entidade solicitante deberá achegar, xunto coa solicitude, un orzamento ou factura pro forma do investimento para o que solicita a subvención.

Cando o importe do investimento supere os 15.000,00 € (IVE excluído), deberán achegarse tres orzamentos/ofertas de distintos provedores, indicando a oferta seleccionada; no caso de que a elección non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa, deberá presentarse xustificación motivada, conforme ao artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.



A documentación económica presentada nesta fase terá carácter inicial e poderá ser actualizada no trámite da proposta de resolución provisional, para os efectos da determinación do importe definitivo da subvención. No caso de non ser posible obter tres ofertas, a entidade deberá xustificalo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Os modelos oficiais dos anexos 1.A e I.B estarán dispoñibles para a súa descarga na devandita sede electrónica, debendo empregarse obrigatoriamente para a presentación das solicitudes. Non se admitirán modelos alternativos.

Se algunha das persoas interesadas achegase a documentación complementaria presencialmente, requirirase que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décima segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícanse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou en <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Estes modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>



Décimo cuarta. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Para iso, as solicitudes presentadas serán comparadas entre si co obxectivo de establecer unha orde de prelación baseada nos criterios de valoración previamente definidos nas bases reguladoras e na convocatoria. As subvencións concederánselles, dentro do límite orzamentario fixado na convocatoria, ás solicitudes que acaden unha maior puntuación tras a aplicación dos criterios de valoración.

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e de determinación do importe da subvención desenvolverase en dúas fases: réxime xeral e, se é o caso, réxime especial.

Formarán parte do réxime xeral as solicitudes correspondentes á primeira actuación das entidades que non resultasen beneficiarias na convocatoria 2025. Formarán parte do réxime especial as solicitudes presentadas por entidades que resultasen beneficiarias na convocatoria 2025 e as solicitudes correspondentes á segunda actuación das entidades non beneficiarias na convocatoria 2025. A valoración e resolución do réxime especial só se realizará no caso de que, unha vez finalizado o procedemento do réxime xeral, exista crédito dispoñible.

▪ *Procedemento de concesión do réxime xeral*

No réxime xeral, as solicitudes tramitaranse e resolveranse de maneira diferenciada por cada un dos ámbitos de actuación establecidos na convocatoria: deporte xeral, deporte náutico e deporte para persoas con discapacidade, aplicando en cada ámbito o crédito que teña asignado.

- 1) Valoración e prelación por ámbito: as solicitudes do réxime xeral serán avaliadas e puntuadas conforme aos criterios de valoración e ordenaranse por puntuación dentro de cada ámbito, de maior a menor.*
- 2) Determinación da subvención inicial: para cada solicitude, segundo a orde de prelación do seu ámbito, determinarase unha subvención que non poderá superar o 80 % do orzamento total presentado nin o máximo establecido para cada liña de actuación na convocatoria. Aplicarase o límite inferior destas dúas cantidades.*
- 3) Axuste ao orzamento total por ámbito: sumaranse os importes das subvencións determinadas no paso anterior ata acadar o límite orzamentario total asignado a cada ámbito de actuación.*
- 4) Posible rateo por ámbito: en caso de que o orzamento dispoñible permita incluír unha solicitude adicional na orde de prelación do ámbito, poderase conceder unha axuda, aínda que sexa necesario realizar un rateo entre as solicitudes incluídas nese ámbito. En ningún caso o importe da subvención resultante do rateo poderá ser inferior ao 90 % do importe que lle correspondería inicialmente á entidade segundo o paso 2.*
- 5) Reasignación de fondos non utilizados (entre ámbitos do réxime xeral): se unha vez finalizado o proceso de concesión nun ámbito de actuación do réxime xeral quedase orzamento dispoñible sen asignar e non fose posible realizar un rateo que o esgotase, a cantidade restante poderá destinarse a complementar o orzamento dispoñible nalgún dos outros ámbitos de actuación definidos na convocatoria, respectando a orde de prelación e os límites establecidos nas bases e na convocatoria.*

▪ *Procedemento de concesión do réxime especial*

Finalizada integramente a fase anterior (incluíndo, se procede, a reasignación de fondos entre ámbitos), só no caso de existir crédito dispoñible, activarase o réxime especial das entidades beneficiarias na convocatoria 2025 e das solicitudes correspondentes á segunda actuación das entidades non beneficiarias na convocatoria 2025, seguindo o proceso que se indica a continuación:

- 6) Valoración e prelación en lista única: as solicitudes do réxime especial serán avaliadas e puntuadas conforme aos criterios de valoración e ordenaranse nunha lista única, por maior puntuación, para a súa eventual proposta de concesión con cargo ao crédito remanente.*
- 7) Determinación e axuste da subvención: aplicarase ás solicitudes do réxime especial o mesmo réxime de determinación da subvención previsto nos puntos 2 e 4, ata o esgotamento do crédito dispoñible.*



Décimo quinta. Criterios de valoración

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva das solicitudes, estableceranse os seguintes criterios para cada unha das liñas de actuación:

Deporte xeral e náutico

1) *Licenzas federativas totais da entidade deportiva no ano 2025 (ata 40 puntos).*

➤ <i>Máis de 200 licenzas</i>	<i>40 puntos</i>
➤ <i>Máis de 150 licenzas</i>	<i>30 puntos</i>
➤ <i>Máis de 100 licenzas</i>	<i>20 puntos</i>
➤ <i>Máis de 50 licenzas</i>	<i>15 puntos</i>
➤ <i>Mais de 25 licenzas</i>	<i>10 puntos</i>
➤ <i>25 licenzas ou menos</i>	<i>5 puntos</i>

2) *Nivel de participación en competicións oficiais e necesidade de transporte (ata 40 puntos)*

Mediante este criterio valorarase a participación en competicións oficiais e a necesidade de desprazamento asociada. Computaranse, como máximo, dez (10) competicións oficiais realizadas entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de presentación de solicitudes. As persoas certificadas deberán constar na acta ou inscrición (deportistas ou adestradores). Nas ligas ou competicións de máis dunha xornada, cada xornada computarase como un desprazamento independente. Non obstante, cando nunha mesma data (ou en datas consecutivas) e nun mesmo lugar a entidade participe con varias categorías nunha mesma competición oficial, computarase como unha única competición para os efectos de valoración. A puntuación outorgarase segundo a seguinte clasificación:

➤ <i>Por cada desprazamento con máis de 5 deportistas fora da comunidade autónoma.</i>	<i>4 puntos</i>
➤ <i>Por cada desprazamento con 5 ou menos deportistas fora da comunidade autónoma.</i>	<i>2 puntos</i>
➤ <i>Por cada desprazamento con máis de 5 deportistas fora da provincia.</i>	<i>1 punto</i>
➤ <i>Por cada desprazamento con 5 ou menos deportistas fora da provincia</i>	<i>0,5 puntos</i>

3) *Número de habitantes do concello da entidade deportiva (ata 10 puntos)*

➤ <i>Concellos de 5.000 habitantes ou menos</i>	<i>10 puntos</i>
➤ <i>Concellos de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes</i>	<i>6 puntos</i>
➤ <i>Concellos de 20.000 habitantes ou máis</i>	<i>4 puntos</i>



4) *Vehículos da entidade deportiva (ata 10 puntos)*

Para este criterio computaranse unicamente os vehículos de titularidade da entidade, vinculados á actividade deportiva, con antigüidade igual ou inferior a 5 anos, tomando como data de referencia a da publicación da convocatoria.

➤ <i>Entidades sen vehículos computables (non dispoñen de vehículo, ou todos os que teñen superan os 5 anos de antigüidade).</i>	<i>10 puntos</i>
➤ <i>Entidades cun único vehículo computable.</i>	<i>5 puntos</i>
➤ <i>Entidade con 2 ou máis vehículos computables.</i>	<i>0 puntos</i>

Deporte para persoas con discapacidade

1) *Licenzas federativas de persoas con discapacidade da entidade deportiva no ano 2025 (ata 40 puntos)*

➤ <i>Máis de 30 licenzas</i>	<i>40 puntos</i>
➤ <i>Máis de 20 licenzas</i>	<i>30 puntos</i>
➤ <i>Mais de 10 licenzas</i>	<i>20 puntos</i>
➤ <i>10 licenzas ou menos</i>	<i>10 puntos</i>

2) *Nivel de participación en competicións oficiais e necesidade de transporte (ata 40 puntos)*

Mediante este criterio valorarase a intensidade da participación das entidades deportivas en competicións oficiais de deporte para persoas con discapacidade e a necesidade de desprazamento asociada. Computaranse, como máximo, dez (10) competicións oficiais realizadas entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de presentación de solicitudes. As persoas certificadas deberán constar na acta ou inscrición (deportistas ou adestradores). Nas ligas ou competicións de máis dunha xornada, cada xornada computarase como un desprazamento independente. Non obstante, cando nunha mesma data (ou en datas consecutivas) e nun mesmo lugar a entidade participe con varias categorías nunha mesma competición oficial de deporte para persoas con discapacidade, computarase como unha única competición para os efectos de valoración. A puntuación outorgarase segundo a seguinte clasificación:

➤ <i>Por cada desprazamento con máis de 5 deportistas fora da comunidade autónoma.</i>	<i>8 puntos</i>
➤ <i>Por cada desprazamento con 5 ou menos deportistas fora da comunidade autónoma.</i>	<i>4 puntos</i>
➤ <i>Por cada desprazamento con máis de 5 deportistas fora da provincia.</i>	<i>3 puntos</i>
➤ <i>Por cada desprazamento con 5 ou menos deportistas fora da provincia</i>	<i>2 puntos</i>

3) *Número de habitantes do concello da entidade deportiva (ata 10 puntos)*

➤ <i>Concellos de 5.000 habitantes ou menos</i>	<i>10 puntos</i>
➤ <i>Concellos de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes</i>	<i>6 puntos</i>
➤ <i>Concellos de 20.000 habitantes ou máis</i>	<i>4 puntos</i>



4) Vehículos da entidade deportiva (ata 10 puntos)

Para este criterio computaranse unicamente os vehículos de titularidade da entidade, vinculados á actividade deportiva, con antigüidade igual ou inferior a 5 anos, tomando como data de referencia a da publicación da convocatoria.

➤ Entidades sen vehículos computables (non dispoñen de vehículo, ou todos os que teñen superan os 5 anos de antigüidade).	10 puntos
➤ Entidades cun único vehículo computable.	5 puntos
➤ Entidade con 2 ou máis vehículos computables.	0 puntos

Criterios en caso de empate:

No suposto de empate na puntuación total, atenderase, en primeiro lugar, ao criterio de licenzas, considerando a súa contía numérica: nas liñas de deporte xeral e deporte náutico, terá preferencia a entidade con maior número de licenzas totais, e no ámbito de deporte para persoas con discapacidade, a entidade con maior número de licenzas de deportistas con discapacidade; de persistir o empate, atenderase ao criterio de habitantes do municipio, tamén como cifra numérica, resultando preferente a entidade do municipio con menor poboación.

Poderáselle requirir á entidade que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

Décimo sexta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes.

Comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instructor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe-proposta do xefe de servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, se explique o sistema de valoración seguido e se relacionen as solicitudes por orde. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.
- Fiscalización dos expedientes por parte da Intervención.
- Unha vez examinados os expedientes e o informe-proposta, o órgano instructor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada, que se notificará ás entidades interesadas mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

As entidades dispoñerán dun prazo de dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación, para que as entidades poidan presentar alegacións, renunciar á subvención ou, no caso das propostas como beneficiarias, confirmar a aceptación e achegar a documentación económica necesaria para a determinación do importe definitivo.

As entidades propostas como beneficiarias deberán presentar, dentro dese prazo:

- Escrito de aceptación da subvención (ou, se é o caso, renuncia).
- Orzamento actualizado da actuación subvencionada; cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000,00 € (IVE excluído), deberán presentar tres ofertas actualizadas de diferentes provedores, con identificación da oferta elixida e xustificación expresa cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa; de non ser posible obter as tres ofertas, deberá achegarse memoria xustificativa suficiente.



A falta de presentación da aceptación e/ou da documentación requirida no prazo indicado impedirá elevar proposta favorable para esa entidade.

En caso de renuncia expresa, de non aceptación ou de exclusión por falta de documentación dentro do prazo, notificaráselle individualmente a concesión á seguinte entidade na orde de prelación, que disporá dun prazo improrrogable de cinco (5) días hábiles desde a recepción da notificación para confirmar a aceptación e presentar, se procede, a documentación económica indicada.

- *Informe-proposta sobre as alegacións ou renuncias.*
- *Proposta de resolución definitiva. Logo de examinadas as alegacións e as posibles renuncias, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.*
- *Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.*

Décimo sétima. Resolución do procedemento

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instructor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo oitava. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, e será incompatible con calquera outra subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS, e no 17.3 da LSG, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

Décimo novena. Procedemento de xustificación e pago

As entidades deberán xustificar o cumprimento da finalidade, da consecución dos obxectivos, da aplicación dos fondos e das demais obrigas impostas coa concesión da subvención.

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOPPO. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de marzo de 2027.

Para a xustificación, as entidades beneficiarias deberán presentar, obrigatoriamente por medios electrónicos e a través do modelo normalizado, a seguinte documentación:



- *Conta xustificativa dos gastos (Anexo II): documento no que a entidade beneficiaria deberá acreditar o custo total da finalidade subvencionada, mediante a relación detallada da factura ou facturas correspondentes ao investimento finalmente aceptado na resolución de concesión.*
Neste anexo a entidade incluírá, ademais, unha declaración responsable na que conste:
 - *Que o vehículo, remolque, aparello específico ou adaptación se destinará ao uso para o que foi concedida a subvención durante a súa vida útil, que non poderá ser inferior a cinco anos.*
 - *Que manterá en todo momento os logotipos da Deputación nas condicións establecidas.*
 - *Que participará no acto formal de entrega/presentación da adquisición ou da adaptación, nos termos previstos na convocatoria.*
- *Factura con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe do vehículo, do remolque, da adaptación do vehículo ou da adquisición dos aparellos específicos para deportistas con discapacidade.*
- *Documento xustificativo da publicidade. Débese presentar un documento gráfico que xustifique a publicidade e difusión da subvención.*

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- *Para a adquisición dos bens obxecto desta convocatoria, poderán aprobarase pagamentos anticipados de ata o 80% da subvención concedida. De conformidade co previsto na normativa de subvencións.*
- *A entidade poderá solicitar unha ampliación dos prazos establecidos, sempre que non exceda da metade destes e con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.*
- *En caso de que a entidade beneficiaria xustifícase gastos por un importe inferior ao orzamento inicialmente presentado, pero suficientes para amparar o importe da subvención concedida de acordo con estas bases sen prexudicar a terceiros, non procederá redución ningunha. Pola contra, se a xustificación achegada non acadase o importe mínimo necesario para xustificar a totalidade da subvención concedida, aboarase unicamente a parte proporcional correspondente aos gastos debidamente xustificadas.*
- *Os gastos presentados na conta xustificativa deberán pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de entregar a xustificación da subvención. En caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes a partir da percepción da subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobare que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.*
- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etc...).*
- *En caso de clubs que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá a perda do dereito a cobrar a subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.*

Con carácter xeral, o pago realizarase tras a aprobación da xustificación. Non obstante, poderán aprobarse pagamentos anticipados de ata o 80 % da subvención concedida, nos termos establecidos nestas bases.

Para cobrar a subvención, os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.



Vixésima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir:

1) As medidas de publicidade e difusión nos seguintes termos:

▪ *Rotulación:*

- *Vehículos: a entidade beneficiaria deberá rotular o logotipo da Deputación de Pontevedra nos catro costados do vehículo adquirido ou adaptado, como mínimo do tamaño que se define no manual de imaxe corporativa; incluírase, nos dous laterais e xunto ao logo, a frase “Vehículo subvencionado pola Deputación de Pontevedra”.*
- *Remolques: a entidade beneficiaria deberá rotular nos tres costados do remolque o logotipo da Deputación de Pontevedra, como mínimo do tamaño que se define no manual de imaxe corporativa, e incluírá nos dous laterais, xunto ao logo, a frase “Vehículo subvencionado pola Deputación de Pontevedra”.*
- *As entidades beneficiarias das liñas de adquisición de aparellos específicos para deportistas con discapacidade ou de adaptación de vehículos deberán dar publicidade ao financiamento da Deputación de Pontevedra na súa páxina web. De non dispoñeren dela, por un medio alternativo de difusión pública, acreditándoo na xustificación.*

▪ *Acto formal:*

A entidade beneficiaria deberá coordinar coa Deputación de Pontevedra a planificación e os detalles do acto formal de entrega da adquisición do vehículo, do remolque ou do aparello específico para deportistas con discapacidade, ou da adaptación do vehículo. Esta coordinación incluírá, entre outros aspectos, a data, o lugar, o horario e os asistentes previstos. A celebración do dito acto estará supeditada á aprobación expresa e previa por parte da Deputación de Pontevedra, quen validará a proposta coordinada e outorgará o visto e prace definitivo para a súa realización.

▪ *Publicación:*

A entidade beneficiaria deberá publicar na páxina web e redes sociais o acto de entrega.

- 2) A entidade deberá comprometerse a darlle ao vehículo o uso para o que foi concedido durante a vida útil deste (que non poderá ser inferior a cinco anos), figurando en todo momento o logotipo da Deputación.*
- 3) Os demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións.*

Vixésimo primeira. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito a cobrar a subvención, total ou parcialmente, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, polas seguintes causas:

- *Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.*
- *Por incumprir as obrigas de xustificación.*
- *Por incumprir as obrigas de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibido.*
- *Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.*

Vixésimo segunda. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do orzamento para o ano 2024 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.



Vixésimo terceira. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

4. 36214.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2026 DE AGOLADA, BAIONA, BUEU, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, A CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, GONDOMAR, O GROVE, A GUARDA, MEAÑO, MOAÑA, MONDARIZ, MOS, NIGRÁN, POIO, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, TOMIÑO, TUI, VILA DE CRUCES E VILANOVA DE AROUSA (EXPTE. 2025079084)

Primeiro.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 26 de decembro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2026 e foron publicadas no BOPPO núm. 6 do 12 de xaneiro de 2026.

O obxecto desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento destas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

Segundo.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 12 de febreiro de 2026, os Concellos de Agolada, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa presentaron a súa solicitude en forma e prazo.



Terceiro.- Os citados Concellos atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Así mesmo, non teñen anticipos pendentes de xustificación correspondentes ao Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais e presentaron, en prazo, a correspondente xustificación.

Cuarto.- O Servizo de Benestar Social emitiu informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2026 aos citados concellos. Así mesmo, os expedientes foron informados favorablemente pola Intervención nas datas que se indican na táboa seguinte, facendo constar nos devanditos informes a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 26/231.2313.462.00 para facer fronte ao gasto correspondente ao exercicio 2026.

CONCELLO	DATA INFORME	CSV
AGOLADA	04/03/2026	MUVG8FYZDA5GQ5MI
BAIONA	04/03/2026	PIRW7MARNM13DKM8
BUEU	04/03/2026	X9AMWA5RP8O46OO2
CALDAS DE REIS	09/02/2026	O7JQPOWQ4KGIK9T4
CAMBADOS	04/03/2026	OPBDHXV6N8SY0XMA
CAÑIZA, A	09/02/2026	GFQTZEJBS4PMA60W
CERDEDO-COTOBADE	06/02/2026	MNHPZFKH1SVFCUED
GONDOMAR	04/03/2026	HAENYF534TYEY0G3
GROVE O	06/02/2026	9WNXEKR6RJ4Y4G50
A GUARDA	04/03/2026	DJI5JXWDIX56WR19
MEAÑO	06/03/2026	3BCXX758YVI6RFPR
MOAÑA	09/02/2026	ORM8KUICRS7505P2
MONDARIZ	06/02/2026	46YNLGCKXTKG4IZB
MOS	04/03/2026	8377BEJGS74I2C7Z
NIGRÁN	04/03/2026	CHU2PJOF9V6LDO8K
POIO	04/03/2026	IHSOMZHRP247SL9H
SALCEDA DE CASELAS	04/03/2026	ENFEULIZ47EYX6ML
SALVATERRA DE MIÑO	04/03/2026	EVW8Z0VXIH0OS50R
SANXENXO	04/03/2026	FVI6G7FUNW8M3CXQ
SILLEDA	11/02/2026	L1KDWQYYXIURWOKP
TOMIÑO	11/02/2026	QPCHFE8P36KDT2ZU
TUI	05/03/2026	3K37P19R7C4VBY5S
VILA DE CRUCES	04/03/2026	DP79TRUHZFIASI7Y
VILANOVA DE AROUSA	04/03/2026	DXCFJY3BAU88ZP7D



Quinto.- De conformidade co disposto nas bases reguladoras da convocatoria e nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Conceder ós concellos de *Agolada, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa* as subvencións correspondentes ao Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2026.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ás devanditas subvencións con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2313.462.00 do orzamento provincial do exercicio 2026.

CONCELLO	GASTOS DE PERSOAL	FINANCIAMENTO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR	TOTAL
AGOLADA	30.631,62 €	31.097,77 €	61.729,39 €
BAIONA	41.757,14 €	24.572,00 €	66.329,14 €
BUEU	41.757,14 €	24.744,00 €	66.501,14 €
CALDAS DE REIS	41.757,14 €	23.865,00 €	65.622,14 €
CAMBADOS	41.757,14 €	27.628,00 €	69.385,14 €
CAÑIZA, A	41.757,14 €	23.382,86 €	65.140,00 €
CERDEDO-COTOBADÉ	30.631,62 €	39.999,28 €	70.630,90 €
GONDOMAR	41.757,14 €	29.840,00 €	71.597,14 €
GROVE, O	44.162,00 €	35.144,29 €	79.306,29 €
GUARDA, A	41.757,14 €	32.824,14 €	74.581,26 €
MEAÑO	41.757,14 €	28.000,00 €	69.757,14 €
MOAÑA	64.008,18 €	38.992,00 €	103.000,18 €
MONDARIZ	44.162,00 €	25.988,21 €	70.150,21 €
MOS	44.162,00 €	35.760,24 €	79.922,24 €
NIGRÁN	66.413,04 €	36.010,00 €	102.423,04 €
POIO	76.336,13 €	34.460,00 €	110.796,13 €
SALCEDA DE CASELAS	56.489,95 €	21.140,57 €	77.630,52 €
SALVATERRA DE MIÑO	44.162,00 €	20.096,00 €	64.258,00 €
SANXENXO	66.413,04 €	35.270,00 €	101.683,04 €
SILLEDA	41.757,14 €	41.312,21 €	83.069,35 €
TOMIÑO	41.757,14 €	32.000,00 €	73.757,14 €
TUI	66.413,04 €	34.796,00 €	101.209,04 €
VILA DE CRUCES	41.757,14 €	33.802,32 €	75.559,46 €
VILANOVA DE AROUSA	66.413,04 €	37.835,48 €	104.248,52 €



5. 36215.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026010297)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE GONDOMAR					
Data de presentación:		25/02/2026 (registro WEB2026012149)			
Data de emenda:		26/02/2026 (registro WEB2026012558)			
Data de emenda:		26/02/2026 (registro WEB2026012619)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
6	5 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 6 meses	76.195,96 €	74.488,37 €	1.707,59 €	74.488,37 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.



CONCELLO DE GONDOMAR	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	222.041,48 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada



completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: OW32VQJ7GP6CQCWD) e do informe de Intervención (CSV: ZUXQ6F8BIAL7TEKA), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Gondomar* (CIF P3602100D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Gondomar (P3602100D)	6	5 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 6 meses	74.488,37 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

6. 36216.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AILLA DE AROUSA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS” (EXPT.2026006386)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.



- En data 06/02/2026, con rexistro núm. WEB2026007970, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello da Illa de Arousa na que solicita unha subvención por importe de 108.593,91 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais*” (Expte.:2026006386), cun orzamento por importe de 128.978,88 euros.
- A entidade municipal remite escrito na que solicita o traspaso do 30% da liña 1 á liña 2, importe que ascende a 108.270,80 euros. Ademais, achégase certificado do secretario municipal no que se indica que o concello carece de obrigas pendentes de recoñecemento de exercicios anteriores.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Servizo de recollida de lixo e xestión do punto limpo	91.330,64 €	76.895,93 €
Servizo de limpeza da escola infantil e do colexio público CEIP Torre-Illa	37.648,24 €	31.697,98 €
TOTAL	128.978,88 €	108.593,91 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 09/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/03/2026, a Xunta de Goberno acordar por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Illa de Arousa*, CIF:P8600004I, a cantidade de 108.593,91 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais*” (Expte.:2026006386), cun orzamento por importe 128.978,88 euros para o financiamento das seguintes actuacións:



	Orzamento	Subvención solicitada
Servizo de recollida de lixo e xestión do punto limpo	91.330,64 €	76.895,93 €
Servizo de limpeza da escola infantil e do colexio público CEIP Torre-Illa	37.648,24 €	31.697,98 €
TOTAL	128.978,88 €	108.593,91 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Illa de Arousa*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

7. 36217.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026002391)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE LALÍN					
Data de presentación:		16/01/2026 (registro WEB2026002696)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
20	1 auxiliar de información turística, 1 auxiliar administrativo/a, 1 axente notificador/a, 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora, 8 peóns de obras públicas e 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses; 2 peóns de limpeza a xornada completa durante 4,5 meses	365.706,98 €	353.096,19 €	12.653,81 €	353.053,17 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE LALÍN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	353.053,17 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención



- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de



emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 0BGS1P2PQHZOVSRR) e do informe de Intervención (CSV: KY5FJSCXSQXUGI9B), a Xunta de Goberno acordar por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Lalín* (P3602400H) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Lalín (P3602400H)	20	1 auxiliar de información turística, 1 auxiliar administrativo/a, 1 axente notificador/a, 1 condutor/a de motoniveladora, 2 condutores/as de tractor desbrozadora, 8 peóns de obras públicas e 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses; 2 peóns de limpeza a xornada completa durante 4,5 meses	353.053,17 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.



- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

8. 36218.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026009510)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE NIGRÁN					
Data de presentación:			23/02/2026 (registro WEB2026011345)		
Data de emenda:			25/02/2026 (registro WEB2026012284)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
15	12 peóns forestais e 1 técnico/a de biblioteca a xornada completa durante 9 meses e 2 auxiliares de turismo a xornada completa durante 5 meses	245.377,12 €	239.346,74 €	22.874,33 €	222.502,79 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE NIGRÁN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	222.502,79 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 451L2KABL31F3C3K) e do informe de Intervención (CSV: SPVCMZ4KM0XZKKZ1), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Nigrán* (CIF P3603500D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Nigrán (P3603500D)	15	12 peóns forestais e 1 técnico/a de biblioteca a xornada completa durante 9 meses e 2 auxiliares de turismo a xornada completa durante 5 meses	222.502,79 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9. 36219.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE REUBANIZACION DA PO-308 TRETTO ENTRE O PK 0+000 E O PK 0+400” (EXPTE. 2026005953)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- Con data 26/11/2024, o Concello de POIO aproba na súa sesión ordinario do Pleno municipal o convenio de colaboración entre a entidade municipal e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para acometer as obras consistentes na humanización da estrada autonómica PO-308 ao seu paso polo Concello de Poio, na que o Concello se compromete a realizar a achega do 30 % do importe total con distribución en dúas anualidades 2025 e 2026.

O convenio de carácter bienal distribuía o financiamento do acordo coa seguinte táboa:

ANUALIDADE	IMPORTE	AXI	ACHEGA CONCELLO
2025	520.479,09	364.335,36	156.143,73 (30%)
2026	1.214.451,23	850.115,86	364.335,37 (30%)
TOTAL	1.734.930,32	1.214.451,22	520.479,10 (30%)

- Con data 28/03/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 15.34978 concédese, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, ao concello de POIO unha subvención por importe de 156.143,73 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2025 do convenio asinado entre a entidade municipal e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para a execución do investimento arriba salientado “Proxecto de reurbanización da PO-308”. (exp: 2025003862)
- En data 04/02/2026, mediante rexistro WEB2026007278, emendado o 04/03/2026 mediante rexistro WEB2026015389, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de Poio na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 364.335,37 euros, co obxecto do



financiamento da achega municipal do exercicio 2026 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Concello de Poio para a actuación “PROXECTO DE REUBANIZACION DA PO-308 TREITO ENTRE O PK 0+000 E O PK 0+400”, quedando configurada a súa petición tal e como se indica na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA	AXI
2025	458.616,65	156.143,73 -SUBVENCIÓN CONCEDIDA PLAN + PROVINCIA 2025-(exp. 2025003862)	302.472,92
2026	1.276.313,67	364.335,37- SUBVENCIÓN PLAN + PROVINCIA 2026-2027	911.978,30
TOTAL	1.734.930,32	520.479,10 €	1.214.451.22

O Orzamento contemplado na anualidade 2026 de 1.276.313,67 euros correspóndese coa diferenza entre o orzamento total da actuación (1.734.930,32 euros) e o orzamento que figura na concesión da subvención da anualidade 2025 (458.616,65 euros).

O resto da documentación obra no expediente 2025003862 ao abeiro da solicitude presentada polo concello en data 22/01/2025 para o financiamento da achega municipal ao convenio entre ámbalas dúas entidades e correspondente ao exercicio 2025.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/03/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 04/03/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Poio*, CIF: P3604100B, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 364.335,37 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Concello de POIO para a execución da actuación “PROXECTO DE REUBANIZACION DA PO-308 TREITO ENTRE O PK 0+000 E O PK 0+400” (EXP.2026005953), cuxo orzamento ascende a 1.276.313,67 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS (Axencia Galega de Infraestruturas)
2026	1.276.313,67 €	364.335,37€	911.978,30€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10. 36220.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026005736)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características



CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Data de presentación:			24/02/2026 (registro WEB2026011931)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	3 mozos/as de recollida de lixo e 1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 1 varredor/a, 2 oficiais albaneis, 1 técnico/a de turismo, 1 condutor/a, 1 fontaneiro/a e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 2 peóns forestais e 1 varredor/a en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	233.267,05 €	233.267,05 €	0,00 €	233.267,05 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	234.667,00 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: YYT1NSLSYKXQUV48) e do informe de Intervención (CSV: 92JH1PH33HQ10UWL), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Salvaterra de Miño* (CIF P3605000C) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	16	3 mozos/as de recollida de lixo e 1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 1 varredor/a, 2 oficiais albaneis, 1 técnico/a de turismo, 1 condutor/a, 1 fontaneiro/a e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 2 peóns forestais e 1 varredor/a en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	233.267,05 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.



- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11. 36221.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR” (EXPTE.2026005779)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 04/02/2026, con rexistro núm. WEB2026007243, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Silleda na que solicita unha subvención por importe de 76.587,43 euros con destino ao financiamento de “*Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumeado público exterior*” (Expte.:2026005779), cun orzamento por importe de 99.919,94 euros.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial



- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 06/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda*, CIF:P3605200I, a cantidade de 76.587,43 euros, con destino ao financiamento de “*Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumeado público exterior*” (Expte.:2026005779), cun orzamento por importe de 99.919,94 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

12. 36222.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS PATRONAIS SAN TELMO 2026” (EXPTE. 2026006250)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 05/02/2026, con rexistro núm. WEB2026007644, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Tui na que solicita unha subvención por importe de 100.065,79 euros con destino ao financiamento de “*Festas patronais San Telmo 2026*” (Expte.:2026006250), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 06/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui*, CIF:P3605500B, a cantidade de 100.065,79 euros, con destino ao financiamento de “*Festas patronais San Telmo 2026*” (Expte.:2026006250), cun orzamento polo mesmo importe.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

13. 36223.- CONCESIÓN DE OBRADOIROS DO PROGRAMA “XUVENTUDE A MÁIS 2026” (EXPT. 2025076834)

- ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025, polo trámite anticipado de gasto, aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria do programa “*Xuventude a máis*”.

O apartado primeiro da parte resolutiva do Acordo, aproba o gasto por importe de 97.224,11 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.227.07, condicionado á aprobación do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.

As bases foron publicadas no BOPPO núm. 6, do 12 de xaneiro de 2026.

Segundo. Ao abeiro do programa, ofértanse 102 obradoiros dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, garantindo un mínimo de 2 por concello solicitante, podendo optar ata un máximo de 4.

Poden resultar beneficiarios do programa os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, segundo os datos do censo publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) a 1 de xaneiro de 2026.

Os obradoiros agrúpanse en tres áreas temáticas: (1) habilidades para o benestar e o coidado persoal; (2) expresión artística e cultural; e (3) conexión e coidado da contorna.

O prazo de presentación de solicitudes abriu o 19 de xaneiro e rematou o 6 de febreiro de 2026.

Terceiro. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, consta no expediente que presentaron solicitude un total de 46 concellos.

En virtude do establecido nas bases reguladoras do programa, o órgano competente para instruír o procedemento é a xefatura do servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Revisadas as solicitudes de participación, o órgano instrutor verifica que todos os concellos solicitantes cumpren os requisitos establecidos na convocatoria.



Cuarto. Respecto á concesión de obradoiros, segundo o establecido na base décima da convocatoria, o procedemento de concesión dos obradoiros é o seguinte:

4.1. Adxudicación inicial. As solicitudes recibidas atenderanse garantindo a asignación inicial dun máximo de dous (2) obradoiros a cada concello solicitante.

4.2. Adxudicación de obradoiros adicionais. No caso de que, unha vez realizada a adxudicación inicial, non se cubrixe o total de 102 obradoiros, os cursos restantes asignaráselles aos concellos que solicitasen obradoiros adicionais.

Esta concesión realizarase de acordo co procedemento que se indica a continuación:

- Primeira fase. Asignaráselle un terceiro obradoiro a cada concello que así o solicitase, ata cubrir a totalidade de obradoiros ofertados (102).

- Segunda fase. Asignaráselle un cuarto obradoiro a cada concello que así o solicitase, ata cubrir a totalidade de obradoiros ofertados (102).

A asignación dos obradoiros adicionais, en cada fase, realizarase por orde de presentación das solicitudes. Naqueles supostos nos que se lles requira aos concellos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude, entenderase por rexistro de entrada a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.

4.3. Tendo en conta os mencionados criterios de concesión, en primeiro lugar realízase a adxudicación inicial de 92 obradoiros (2 a cada un dos 46 concellos solicitantes).

Rematada esta adxudicación inicial, non se cubre a totalidade dos obradoiros ofertados (102), restando 10 obradoiros por adxudicar (como obradoiros adicionais).

En consecuencia, a adxudicación dos 10 obradoiros restantes realízase a través do procedemento sinalado no apartado b) da base décima da convocatoria (“obradoiros adicionais”). Polo tanto, por orde de presentación das solicitudes, asignase un terceiro obradoiro aos concellos que así o solicitaron, ata cubrir a totalidade de obradoiros ofertados (102).

4.4. A proposta de relación de obradoiros concedidos tivo en conta a orde de prioridade dos cursos especificada na solicitude de cada concello, debido a que o número total de cursos concedidos en cada área superou o mínimo de oito (8) establecido na base quinta do programa.

Na seguinte táboa relaciónase a proposta do número de cursos concedidos por obradoiro e por área:

Área	Denominación do obradoiro	Código	Nº obrad.	
1	Economía do fogar	A1C1	1	40
	Seguridade básica para a mocidade: primeiros auxilios básicos e defensa persoal	A1C2	17	
	Cociña, nutrición e mitos alimentarios	A1C3	11	
	Saúde mental (autocoidados)	A1C4	11	
2	Curso de DJ	A2C1	15	48
	Iniciación á música tradicional galega	A2C2	6	
	Edición de vídeo e fotografía	A2C3	24	
	Deseño e creación de produtos gráficos e mercadotecnia	A2C4	3	



3	Sendeirismo, orientación e interpretación do patrimonio natural	A3C1	2	14
	Horta urbana e xestión biolóxica do solo (permacultura e fertilizantes)	A3C2	0	
	Reciclaxe de mobles e obxectos	A3C3	4	
	Adestramento canino	A3C4	8	

Quinto. Así mesmo, unha vez rematado o procedemento de adxudicación de obradoiros crearase unha lista de agarda para a asignación de cursos vacantes por renuncias ou revogacións, que estará integrada por aqueles concellos que solicitasen un número de obradoiros superior ao que se lles adxudicou. A lista de agarda que figura neste proposta e no expediente ordenouse de acordo ao establecido na base décima do convocatoria reguladora do programa. No caso de producirse unha renuncia ou revogación dun curso previamente concedido, asignaráselle o obradoiro vacante ao primeiro concello da lista de agarda que solicitase un obradoiro pertencente á mesma área temática que o curso vacante.

Sexto. Con data 3 de marzo de 2026, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto do informe proposta de concesión de obradoiros da Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, indicando que “(...) a realización de obradoiros queda condicionada ao resultado do expediente de contratación da empresa ou empresas encargadas da prestación do servizo (Expediente 2026007434)(...)”.

Sétimo. Iniciado o expediente de contratación citado, para a contratación dunha empresa ou empresas especializadas para impartir a formación, en particular, os 102 obradoiros solicitados segundo os criterios fixados na convocatoria, agrupados en tres lotes diferenciados coincidentes coas áreas temáticas ofertadas, advírtese que no cálculo do prezo de licitación inicial tido en conta para a aprobación das bases reguladoras, non se tiveron en conta as actualizacións salariais contempladas no Convenio colectivo aplicable, así como outros gastos específicos imputables á prestación do servizo, polo que, revisado o cálculo do prezo de licitación, procedeuse á actualización dos custos de persoal e dos materiais necesarios para a impartición dos obradoiros, polo que o prezo final estimado ascende a un total de 117.615,67 €, o que supón 20.391,56 € máis da cantidade contemplada inicialmente (97.224,11 €).

Oitavo. De acordo co exposto, procede rectificar o gasto aprobado por Acordo da XG núm. 25.35901, de 19 de decembro de 2025, por importe de 97.224,11 €, sendo a contía correcta 117.615,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.227.07.

Consta no expediente de contratación a solicitude do correspondente documento RC polo importe citado.

- LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia



- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial así como no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o gasto por importe de 117.615,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.227.07.

Segundo. Aprobar a concesión de obradoiros dentro do programa “Xuventude a máis” aos concellos que se relacionan a continuación, e segundo o seguinte detalle:

Relación de obradoiros concedidos								
Nº	Rexistro	Expte	Concello	Nº obrad. solicitados	Nº obrad. concedidos	Códigos dos obradoiros concedidos		
1	WEB2026002955	2026002446	Gondomar	4	3	A3C4	A1C2	A2C1
2	WEB2026002957	2026002455	Tuí	4	3	A3C1	A1C3	A1C4
3	WEB2026002958	2026002447	Arbo	4	3	A2C1	A1C2	A2C3
4	WEB2026002959	2026002476	Poio	4	3	A2C3	A1C4	A2C1
5	WEB2026002960	2026002471	Valga	4	3	A3C3	A2C4	A2C2
6	WEB2026002963	2026002501	Salvaterra de Miño	4	3	A1C3	A2C1	A2C3
7	WEB2026002965	2026002505	Guarda, A	4	3	A3C4	A2C1	A2C3
8	WEB2026002967	2026002514	Grove, O	4	3	A1C3	A2C3	A1C2
9	WEB2026002970	2026002523	Soutomaior	4	3	A1C2	A2C1	A3C4
10	WEB2026002972	2026002541	Covelo	4	3	A1C4	A2C1	A2C3
11	WEB2026002977	2026002546	Rosal, O	4	2	A1C2	A2C2	
12	WEB2026002985	2026002553	Cuntis	4	2	A1C2	A1C3	
13	WEB2026003005	2026002585	Baiona	4	2	A2C1	A3C4	
14	WEB2026003013	2026002653	Neves, As	4	2	A1C4	A2C3	
15	WEB2026003017	2026002656	Meis	4	2	A2C1	A2C3	
16	WEB2026003041	2026002675	Portas	4	2	A1C2	A2C3	
17	WEB2026003042	2026002685	Lama, A	4	2	A1C3	A1C2	
18	WEB2026003043	2026002682	Cambados	4	2	A1C4	A1C2	
19	WEB2026003083	2026002703	Silleda	4	2	A2C3	A1C4	



20	WEB2026003094	2026002787	Mondariz	4	2	A2C3	A1C3
21	WEB2026003190	2026002813	Vilaboa	4	2	A1C4	A1C2
22	WEB2026003224	2026002952	Moraña	4	2	A2C1	A1C2
23	WEB2026003524	2026003229	Pontecesures	4	2	A2C3	A2C4
24	WEB2026003578	2026003272	Cerdedo-Cotobade	3	2	A2C1	A2C3
25	WEB2026003629	2026003389	Mondariz-Balneario	4	2	A1C4	A2C3
26	WEB2026003750	2026003413	Vila de Cruces	2	2	A1C2	A1C1
27	WEB2026004142	2026003702	Salceda de Caselas	4	2	A2C3	A3C3
28	WEB2026004735	2026004203	Forcarei	4	2	A1C2	A2C3
29	WEB2026004882	2026004312	Pazos de Borbén	4	2	A1C2	A3C4
30	WEB2026004978	2026004164	Fornelos de Montes	2	2	A2C2	A2C3
31	WEB2026005295	2026004532	Agolada	4	2	A1C4	A1C3
32	WEB2026005305	2026004535	Mos	4	2	A1C2	A3C3
33	WEB2026005330	2026004555	Oia	4	2	A1C3	A3C4
34	WEB2026006443	2026005090	Tomíño	4	2	A1C3	A2C2
35	WEB2026006550	2026005016	Barro	4	2	A2C4	A3C4
36	WEB2026006826	2026005425	Ribadumia	4	2	A2C1	A1C3
37	WEB2026006892	2026005479	Bueu	4	2	A1C4	A1C2
38	WEB2026006916	2026005490	Caldas de Reis	4	2	A2C2	A2C1
39	WEB2026007117	2026005685	Nigrán	4	2	A2C3	A1C2
40	WEB2026007133	2026005694	Vilanova de Arousa	4	2	A2C1	A2C3
41	WEB2026007191	2026005745	Moaña	4	2	A2C1	A2C3
42	WEB2026007471	2026005976	Cañiza, A	2	2	A3C4	A2C3
43	WEB2026007861	2026006325	Illa de Arousa, A	4	2	A2C3	A3C3
44	WEB2026007957	2026006381	Rodeiro	4	2	A2C2	A1C3
45	WEB2026007991	2026006399	Campo Lameiro	4	2	A2C3	A3C1
46	WEB2026008008	2026003224	Sanxenxo	4	2	A1C4	A2C3

Terceiro. Aprobar a lista de agarda do programa para a asignación de cursos vacantes por renuncias ou revogacións, de acordo co seguinte detalle:

Lista de agarda					
Nº	Registro	Expte	Concello	Obradoiro	Área/ Lote
1	WEB2026002977	2026002546	Rosal, O	A2C3	2
2	WEB2026002985	2026002553	Cuntis	A2C1	2
3	WEB2026003005	2026002585	Baiona	A2C3	2
4	WEB2026003013	2026002653	Neves, As	A1C2	1
5	WEB2026003017	2026002656	Meis	A2C4	2
6	WEB2026003041	2026002675	Portas	A3C2	3



7	WEB2026003042	2026002685	Lama, A	A2C3	2
8	WEB2026003043	2026002682	Cambados	A2C1	2
9	WEB2026003083	2026002703	Silleda	A1C2	1
10	WEB2026003094	2026002787	Mondariz	A3C1	3
11	WEB2026003190	2026002813	Vilaboa	A2C1	2
12	WEB2026003224	2026002952	Moraña	A2C3	2
13	WEB2026003524	2026003229	Pontecesures	A3C1	3
14	WEB2026003578	2026003272	Cerdedo-Cotobade	A3C1	3
15	WEB2026003629	2026003389	Mondariz-Balneario	A2C4	2
16	WEB2026004142	2026003702	Salceda de Caselas	A3C4	3
17	WEB2026004735	2026004203	Forcarei	A1C3	1
18	WEB2026004882	2026004312	Pazos de Borbén	A1C4	1
19	WEB2026005295	2026004532	Agolada	A1C2	1
20	WEB2026005305	2026004535	Mos	A1C4	1
21	WEB2026005330	2026004555	Oia	A3C2	3
22	WEB2026006443	2026005090	Tomíño	A2C3	2
23	WEB2026006550	2026005016	Barro	A1C3	1
24	WEB2026006826	2026005425	Ribadumia	A1C2	1
25	WEB2026006892	2026005479	Bueu	A2C3	2
26	WEB2026006916	2026005490	Caldas de Reis	A2C3	2
27	WEB2026007117	2026005685	Nigrán	A2C4	2
28	WEB2026007133	2026005694	Vilanova de Arousa	A2C4	2
29	WEB2026007191	2026005745	Moaña	A1C2	1
30	WEB2026007861	2026006325	Illa de Arousa, A	A1C3	1
31	WEB2026007957	2026006381	Rodeiro	A3C1	3
32	WEB2026007991	2026006399	Campo Lameiro	A1C3	1
33	WEB2026008008	2026003224	Sanxenxo	A2C4	2
34	WEB2026002955	2026002446	Gondomar	A1C1	1
35	WEB2026002957	2026002455	Tui	A2C3	2
36	WEB2026002958	2026002447	Arbo	A2C4	2
37	WEB2026002959	2026002476	Poio	A3C4	3
38	WEB2026002960	2026002471	Valga	A3C4	3
39	WEB2026002963	2026002501	Salvaterra de Miño	A3C3	3
40	WEB2026002965	2026002505	Guarda, A	A1C3	1
41	WEB2026002967	2026002514	Grove, O	A3C4	3
42	WEB2026002970	2026002523	Soutomaior	A2C3	2
43	WEB2026002972	2026002541	Covelo	A3C4	3
44	WEB2026002977	2026002546	Rosal, O	A3C2	3
45	WEB2026002985	2026002553	Cuntis	A2C4	2



46	WEB2026003005	2026002585	Baiona	A1C3	1
47	WEB2026003013	2026002653	Neves, As	A2C1	2
48	WEB2026003017	2026002656	Meis	A1C2	1
49	WEB2026003041	2026002675	Portas	A3C4	3
50	WEB2026003042	2026002685	Lama, A	A3C4	3
51	WEB2026003043	2026002682	Cambados	A2C3	2
52	WEB2026003083	2026002703	Silleda	A3C1	3
53	WEB2026003094	2026002787	Mondariz	A3C4	3
54	WEB2026003190	2026002813	Vilaboa	A2C4	2
55	WEB2026003224	2026002952	Moraña	A3C4	3
56	WEB2026003524	2026003229	Pontecesures	A3C3	3
57	WEB2026003629	2026003389	Mondariz-Balneario	A1C1	1
58	WEB2026004142	2026003702	Salceda de Caselas	A1C4	1
59	WEB2026004735	2026004203	Forcarei	A2C1	2
60	WEB2026004882	2026004312	Pazos de Borbén	A1C3	1
61	WEB2026005295	2026004532	Agolada	A1C1	1
62	WEB2026005305	2026004535	Mos	A2C3	2
63	WEB2026005330	2026004555	Oia	A3C1	3
64	WEB2026006443	2026005090	Tomíño	A3C2	3
65	WEB2026006550	2026005016	Barro	A1C2	1
66	WEB2026006826	2026005425	Ribadumia	A3C3	3
67	WEB2026006892	2026005479	Bueu	A2C1	2
68	WEB2026006916	2026005490	Caldas de Reis	A1C3	1
69	WEB2026007117	2026005685	Nigrán	A3C3	3
70	WEB2026007133	2026005694	Vilanova de Arousa	A3C1	3
71	WEB2026007191	2026005745	Moaña	A1C1	1
72	WEB2026007861	2026006325	Illa de Arousa, A	A2C1	2
73	WEB2026007957	2026006381	Rodeiro	A1C2	1
74	WEB2026007991	2026006399	Campo Lameiro	A2C1	2
75	WEB2026008008	2026003224	Sanxenxo	A2C1	2

14. 36224.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 2602 PEINADOR-LOUREDO, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 4+420 (CONCELLO DE MOS)" (EXPTE. 2025070519)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 2602 Peinador-Louredo que percorre o termo municipal de Mos pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.420 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do firme, no treito comprendido entre os p.q. 0+000 ao p.q. 4+420, sendo este, dun total de 4.420 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de Mos, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 736.604,26 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: LMLEWXW4PZXJD7RR

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000011199, por importe de 736.604,26 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: UUEK0A4YCOGBMR47, informe de fiscalización do proxecto favorable.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: RP43KRG65ZFD1UCE informe favorable de supervisión do proxecto emitido polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas, Don Evaristo Juncal Froján.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)", redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 736.604,26 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: LMLEWXW4PZXJD7RR.

15. 36225.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CENTRO INFANTIL, ESCOLA INFANTIL E ASOCIACIÓN ALBA DO CPF" (EXPTE. 2024083408)

Resultando.- Que entre os distintos equipamentos que conforman o Centro Príncipe Felipe (CPF), atópase o edificio denominado Centro Infantil, que alberga diferentes dependencias como son: o Centro Infantil propiamente dito, un centro de acollemento destinado a menores de 0-8 anos; a Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe e o local social da Asociación Alba, así como, diversos servizos transversais da CPF tales como a cociña e o comedor xeral ou a enfermería.



Resultando.- Que o edificio en cuestión, cunha superficie construída superior a 7.500 m², foi executado na década de 1970 seguindo criterios arquitectónicos e construtivos propios da época. Como consecuencia, presenta prestacións térmicas moi limitadas, solucións de accesibilidade insuficientes e un notable grao de degradación derivado do envellecemento dos materiais e da exposición continuada aos axentes ambientais.

Resultando.- Que o conxunto destas deficiencias impide alcanzar condicións óptimas de habitabilidade, salubridade e confort, comprometendo o adecuado desenvolvemento das actividades asociadas aos servizos que se prestan no edificio. Iso maniféstase en frecuentes problemas de humidades, perda de confort térmico e un elevado consumo enerxético, motivado polas carencias da envolvente térmica actual.

Resultando.- Que así mesmo, o edificio non conta na actualidade con ningún acceso ao edificio que reúna criterios de accesibilidade universal e presenta un sistema de iluminación con tecnoloxías desfasadas, que implican un elevado gasto, tanto enerxético como de mantemento. A idoneidade desta contratación fundaméntase na Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións.

Resultando.- Que en consecuencia, as necesidades a satisfacer coas obras proxectadas están relacionadas coa procura da mellora da eficiencia enerxética do edificio, así como das condicións de conservación, salubridade, accesibilidade e seguridade de utilización da mesma.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, adscritos á empresa Freire y Vázquez asociados, S.L.P., o proxecto de execución da obra “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”, cun orzamento base de licitación de 3.570.507,07 IVE Incluído. A este proxecto asínóuselle o código CSV: ZWMANBV1KPT2F48T.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”.

Resultando.- Que nas aplicacións orzamentarias 26/232.2312.632.03.2023, 26/232.2312.632.03.2024 e 26/232.2312.632.03.2025, dentro do proxecto de gasto nº 2023061342, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíronse os documentos RC nº 12026000013280, 12026000011239 e 12026000011134, por importe de 384.107,15 €, 414.793,75 € e 2.771.606,17 €, respectivamente.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: QCOJSLVJ7DJIXV1I informe de fiscalización do proxecto favorable.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: IKPRFTR5L6WKF6RH, informe favorable de supervisión do proxecto, emitido pola arquitecta técnica adscrita ó Servizo de Arquitectura, Dona María José Fernández Lamas.



Considerando.- Que conforme ás definicións recollidas no Anexo I do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG (RLSG), as obras que se pretenden levar a cabo teñen encaixe dentro da entidade de obras de reforma.

Considerando.- Que en virtude do art. 147.1 da LSG, os actos relacionados no art.142 que promovan os órganos das administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal mediante a obtención da licenza municipal ou comunicación previa. Pola entidade das obras proxectadas, estas están suxeitas ao réxime de licenza municipal, en aplicación dos art. 142.3 da LSG e 348 do RLSG, por tratarse de actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo conforme o artigo 142.1 da LSG.

Considerando.- Que a Xunta do Goberno Local do Concello de Pontevedra acordou na súa sesión do 3 de abril de 2025, conceder a licenza urbanística para a execución das obras de “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do Centro Príncipe Felipe”; así como, na súa sesión do 22 de setembro de 2025, conceder a prórroga para a execución das mesmas, constando ditos documentos no expediente con códigos CSV: CSV: ZUJMGBB9LFPYP2AS e 9S8OVVBRARHNO3NM respectivamente.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF”, redactado polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Vázquez Fernández, adscritos á empresa Freire y Vázquez asociados, S.L.P, cun orzamento base de licitación de 3.570.507,07 IVE engadido. A este proxecto asínouse o código CSV: ZWMANBV1KPT2F48T.



16. 36226.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA MEDIANTE REPOSICIÓN DO FIRME E A SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA E.P. 3102 TOMIÑO-SABARÍS, DENDE O P.Q. 10+400 AO P.Q. 19+667. CONCELLOS DE TOMIÑO, GONDOMAR E BAIONA" (EXPTE. 2025071504)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 3102 TOMIÑO-SABARÍS que percorre os termos municipais de Tomiño, Gondomar e Baiona pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 19.667 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a mellora da seguridade viaria en diversos treitos da estrada provincial EP-3102, mediante a reposición integral do firme, a mellora do sistema de drenaxe lonxitudinal e transversal, e a renovación da sinalización horizontal e dos sistemas de contención de vehículos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 662.473,85 € IVE Incluído. A este proxecto asínouse o código CSV: M217J7612BBXK478

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona”



Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025071504, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12026000013197, por importe de 662.473,85

Resultando.- Que en cumprimento do art.235 LCSP incorporouse ao expediente informe de supervisión do proxecto de data 02/12/2025 (CSV: WRX3HKW86K4E7V98, asinado polo Director de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e de avaliación ambiental, limitándose as obras, exclusivamente, ó dominio público viario da estrada.

Considerando.- De acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme existente en mal estado polo natural uso do mesma ao longo do tempo.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando as características superficiais do firme existente nun viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona", redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 662.473,85 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: M217J7612BBXK478.



17. 36227.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA CAMPO DA FEIRA, NO ENTORNO DA CASA CONSISTORIAL. CONCELLO DE MEAÑO" (EXPTE. 2025076411)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9303 Meaño-Dena, que transcorre polo Concello de Meaño. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial", no termo municipal de Meaño, co fin de realizar unha replanificación profunda e conceptual en materia de mobilidade dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+100 da E.P. 9303 Meaño – Dena (Rúa Campo da Feira), buscando en todo momento fomentar a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, o proxecto de execución da obra "Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño" cun orzamento base de licitación de 454.288,45 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 6HCYLJ1HO2CJ55H4.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”.

Resultando.- Que aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025055818, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documentos RC nº 12026000013140 e nº 12026000013305, por importe de 318.001,91 € e 136.286,54 € respectivamente.

Resultando.- Que en cumprimento do art.235 LCSP incorporouse ao expediente informe de supervisión do proxecto con CSV: UBQED6O0GF0PQMHH, asinado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas Don Jaime Ruibal de Sola, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e de avaliación ambiental, limitándose as obras, exclusivamente, ó dominio público viario da estrada. A maiores, a totalidade da actuación atópase dentro da zona de dominio público, polo que non é precisa a ocupación de ningún terreo de propiedade privada.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme existente en mal estado polo natural uso do mesma ao longo do tempo.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando as características superficiais do firme existente nun viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que a E.P. 9303 Meaño - Dena entronca no P.K. 0+000 coa estrada PO-303 pertencente á Rede de Estradas de Galicia, necesitando actuar a Deputación de Pontevedra na zona de afección da estrada para executar o proxecto en cuestión. Solicitada a devandita autorización a Axencia Galega de Infraestruturas con data 18/09/2025 (CSV: ACXUWB08ID2G4FCJ), recíbese comunicación onde se informa que: “...as actuacións para as que solicita autorización atópanse nun treito urbano fóra da zona de dominio público. (...) polo que sempre que non se produza ningún tipo de afección ao dominio público, para a obra que solicita non require a obtención desta autorización sectorial...”

Considerando.- Que non se considera necesario ningunha autorización a maiores derivada da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”



Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño*”, redactado pola polo arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación de 454.288,45 € IVE engadido. A este proxecto asínouse o código CSV: 6HCYLJ1HO2CJ55H4.

18. 36228.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN DE ESTACIÓNS DE REPARACIÓN DE BICICLETAS PARA AS COMARCAS DE DEZA E TABELIÓNS-TERRA DE MONTES, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (EXPTE. 2026004814)

Resultando.- Que as actividades do servizo de turismo e esta en concreto, baséase na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, en tanto que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra, así como no 109 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Resultando.- Que os Plans de Sostibilidade Turística en Destino son concibidos como proxectos que permiten ás Entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixos previstos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos: transición verde e sustentable, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.

No marco desta convocatoria extraordinaria a Deputación de Pontevedra presentou o “*Plan de Sostibilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós - Terra de Montes. Os Camiños por dentro*” (PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes, a continuación), mediante concesión directa ratificada polo Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



No contexto da implementación do PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes proposto pola Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas e, máis concretamente, no Eixo dous “*Actuacións no ámbito da eficiencia enerxética*”, definiuse a actuación 6: “*A peribici: Mobilidade sustentable nos Camiños Deza-Tabeirós Montes*”.

Desta forma, dentro deste marco, a Deputación de Pontevedra expón a subministración de estacións de reparación de bicicletas nas comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes deseñadas para fomentar a mobilidade sustentable e activa e facilitar o acceso aos principais equipamentos e puntos de interese do territorio. O sistema garantirá a comodidade e seguridade das persoas ciclistas, facilitando o desprazamento en bicicleta entre os itinerarios xacobeos e áreas de interese turístico, incentivando o turismo activo e a interacción cos recursos locais.

- Duración e prazo do PSTD: 4 anualidades (desde el 8 de decembro de 2021 hasta el 31 de outubro de 2025, ampliado hasta 30 de maio de 2026).
- Ámbito de actuación de los PSTD: PSTD Deza- Tabeirós Terra de Montes: Agolada, A Estrada, Dozón, Forcarei, Lalín, Silleda, Rodeiro e Vila de Cruces.
- Financiación: PSTD Deza- Tabeirós Terra de Montes: 100% Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.
- Subvención proposta: PSTD Deza- Tabeirós Terra de Montes: 2.069.000,00 euros.
- Actuacións: Entre as mesmas contéplase a actuación 6: a peribici para a mobilidade sostible nos camiños, incluíndo a “*subministración de estacións de autoreparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do PRTR compoñente 14 – Plan de Sostibilidade Turística en Destino.*”

Resultando.- Que con data 03 de febreiro de 2026, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, co visto e prace do deputado delegado, ditan providencia na que se propón o inicio do expediente para a contratación da “*subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”. Xunto coa proposta, remítese o prego de prescricións técnicas que rexerá neste procedemento.

Resultando.- Que, con data 19 de febreiro de 2026 pola Intervención xéranse, con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4324.652.99, o documento contable de retención de crédito nº 12026000038652, polo importe total de 149.352,36 €.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 23 de febreiro de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 23 de febreiro de 2026 (CSV: 9SWJ72R2BBW3G2DB).

Resultando.- Que visto que, na mesma data, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Resultando.- Que con data 02 de marzo de 2026, a xefa do servizo xestor emite informe complementario, polo que se introducen aclaracións en relación coa actuación 6 do devandito plan: “*subministración de estacións de reparación de bicicletas*” (CSV: 3U4EKZZWE9XZZBTZ).

Resultando.- Que, con data 06 de marzo de 2026, emítese informe favorable da Intervención, agás na observación nº 2, sinalándose o seguinte (CSV: 85YPWPM63P9SXJWB):

“1.-() Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*

2.- Respecto do obxecto do contrato, posto que contéplase unicamente a subministración das estacións de reparación e demais mobiliario pero sen a súa instalación nas localizacións correspondentes, impide alcanzar o cumprimento total da finalidade da concesión da subvención, consistente na prestación dun servizo público para o fomento da mobilidade sustentable, facilitando o acceso aos principais equipamentos e puntos de interese turístico así como, o desprazamento en bicicleta entre os itinerarios xacobeos e áreas de interese turístico.

3.- Considerando a porcentaxe do financiamento da contratación proposta con fondos Next Generation EU (100,00%) e o prazo de execución do contrato (30/05/2026), advírtese do risco de incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da axuda do Ministerio de Industria e Turismo e da perda da subvención europea xunto cos prexuízos económicos que suporía para esta Administración.

Debendo tramitarse os expedientes cunha maior antelación tendo en conta, os prazos concedidos. Polo que, con carácter previo á adxudicación e/ou formalización do contrato, deberase verificar a posibilidade de cumprimento dos prazos a efectos de, desistir da adxudicación ou da formalización do contrato no suposto no que se incumpra o prazo esixido pola citada resolución de concesión.

4.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Resultando.- Que visto que, con na mesma data, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato de subministracións. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, por concorrer as circunstancias do artigo 159.1 LCSP.

Considerando.- O sinalado no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Considerando.- O artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación,



ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- O contido no artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a. 2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Taboas-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”, cun orzamento base de licitación de 149.352,36 € (123.431,70 € máis 25.920,66 €, correspondente ao 21 % de IVE), considerando os seguintes prezos unitarios de licitación:

Concepto	Uds. máximas estimadas	Prezo unitario de licitación, sen IVE	Prezo total licitación, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total licitación, co IVE
Estación de reparación estándar	8	2.782,50 €	22.260,00 €	4.674,60 €	26.934,60 €
Estación de reparación avanzada	7	8.013,60 €	56.095,20 €	11.779,99 €	67.875,19 €
Paneis informativos	15	1.057,35 €	15.860,25 €	3.330,65 €	19.190,90 €
Banco	15	1.001,70 €	15.025,50 €	3.155,36 €	18.180,86 €
Papeleira	15	946,05 €	14.190,75 €	2.980,06 €	17.170,81 €
TOTAL					149.352,36 €

O valor estimado é de 123.431,70 €.

O prazo de execución do contrato será de (2) meses, a contar desde a data de formalización do contrato, non prevéndose prórrogas.

As estacións serán entregadas na/s ubicacións que indique a Deputación de Pontevedra ao inicio do proxecto, debendo asumir a empresa adxudicataria os gastos de transporte dentro deste contrato, de conformidade co artigo 304 LCSP.



2.- Autorizar o gasto por importe de 149.352,36€ con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.4324.652.99	149.352,36 €

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: ERG8Y5XTULDT34I8) e os pregos de prescricións técnicas con CSV PIALWD5253SVJY05, que rexerá dita contratación.

4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adjudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

19. 36229.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR O SERVIZO DE TRANSPORTE DE OBRAS DE ARTE DO MUSEO DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2024057103)

Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2025, acordou admitir, no sistema dinámico de adquisición para contratar o servizo de transporte de obras de arte do Museo de Pontevedra, ás seguintes empresas por categorías:

- Categoría I: Embalaxe/Desembalaxe + Transporte (concentración e dispersión) + Transporte aéreo (concentración e dispersión) + Correos + Montaxe
 - Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
 - Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)
- Categoría II: Embalaxe/Desembalaxe + Transporte (concentración e dispersión) + Correos
 - Cloister Services 2000, S.L. (NIF: B71092340)
 - Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
 - Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)
- Categoría III: Embalaxe/ Desembalaxe + Transporte Combinado + Correos
 - Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
 - Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)
 - Queroche S.L. (NIF: B50227123)
- Categoría IV: Montaxe
 - Cloister Services 2000, S.L. (NIF: B71092340)
 - Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
 - Diseño y Construcción Técnica de Exposiciones SLU (NIF: B37434354)
 - Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)

Tendo en conta que as empresas admitidas formalizaron o contrato en documento administrativo cunha duración dun ano, a contar desde o 17 de marzo de 2025.



De conformidade coa cláusula 4 do prego de cláusulas económico administrativas, o Sistema Dinámico de Adquisición prevé a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Visto o informe da responsable do sistema dinámico de adquisición, de data 27 de febreiro do 2026 (CSV: B6J7ICCCQ83GXKEPJ), de acordo o cal na actualidade a execución do sistema dinámico de adquisición vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas participantes no SDA que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

Resultando que se recibiu a conformidade expresa coa prórroga de todas as empresas adheridas ao sistema dinámico de adquisición en data 26 de febreiro de 2026.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 03 de marzo do 2026 (CSV: SCS0EPYIGDF5ZYQ6), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do sistema dinámico de adquisición para o servizo de transporte de obras de arte por unha anualidade, desde o 17 de marzo de 2026 ata o 16 de marzo de 2027.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 17 de marzo de 2026.”

Considerando o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Así mesmo, establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a prórroga do *“Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de transporte de obras de arte”* durante o período que vai desde o 17 de marzo de 2026 ata o 16 de marzo de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A adxudicación dos contratos específicos que deriven deste sistema serán financiados con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias segundo o centro xestor de que se trate, previa licitación e acreditación da existencia de crédito.



Nos expedientes que se tramiten anticipadamente, a adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no respectivo orzamento para garantir as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

O SDA non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos específicos que se adxudiquen no marco deste sistema.

20. 36230.- APROBACIÓN DO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS DE PUBLICIDADE, MERCHANDISING E PREMIOS PARA AS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2025013680)

Vista a providencia de inicio do servizo de Contratación e Patrimonio, de data 09 de febreiro de 2026 (CSV: N03ECM3QSM3A9LBP), para Establecemento dun Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e da memoria xustificativa, e con data 11 de febreiro de 2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 20 de febreiro de 2026, informa favorablemente o expediente. Resultando que a Intervención, con data 26 de febreiro de 2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións: *ao non existir, neste caso, na fase de implementación do sistema dinámico de adquisición uns pregos de prescricións técnicas, dada a variedade das posibles subministracións, éstas deberán concretarse con total precisión con carácter previo á licitación para a adxudicación dos contratos específicos nas correspondentes invitacións.*

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: 992JL1OX8TQNKEAZ), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, e en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II.

Considerando que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.*



Considerando que o artigo 223 da Lei 9/2017, sinala que os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.

Considerando que o artigo 224 e 226 da LCSP, determina que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.

Considerando que se estima que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros, establécese como o órgano de contratación que aprobe esta institución a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación CSV: ZY9W0UF1TCM6VM6A.

3.- Iniciar a Fase I do SDA de selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas o sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

4.- Delegar na mesa de contratación a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.

5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.

21. 36231.- ADMISIÓN DAS EMPRESAS QUE SOLICITAN PARTICIPAR NO SISTEMA DINÁMICO PARA A SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADE (EXPTÉ. 2025077104)

Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema dinámico para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade.

Resultando que o anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 28 de xaneiro de 2026, aparecendo publicado o día 29 de xaneiro de 2026 (Número de publicación do anuncio 65262-2026; número da edición do DO S: 20/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de xaneiro de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días



naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Resultando que, conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Resultando que, finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Resultando que as empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

1. Aira S. Coop. Galega (NIF: F27317593)
2. Cofocyl, S.L.U (NIF: B47432794)
3. Nutrinieto, S.L.U (NIF: B-94088457)
4. Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298)

Resultando que a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 5 de marzo de 2026, acordou seleccionar ás empresas Aira S. Coop. Galega (NIF: F27317593), Cofocyl, S.L.U (NIF: B47432794), Nutrinieto, S.L.U (NIF: B-94088457) e Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298) por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas correspondentes categorías, segundo a súa solicitude, do Sistema dinámico para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir ás empresas que se relacionan a continuación en cada unha das categorías do Sistema dinámico para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade:

Categoría I: Mestura de materias primas e alimentos compostos.

1. Aira S. Coop. Galega (NIF: F27317593)
2. Nutrinieto, S.L.U (NIF: B94088457)
3. Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298)

Categoría II: Pensos ensacados e pensos a granel.

1. Aira S. Coop. Galega (NIF: F27317593)
2. Nutrinieto, S.L.U (NIF: B94088457)
3. Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298)



Categoría III: Forraxes: palla, alfalfa, veza e avea.

1. Cofocyl, S.L.U. (NIF: B47432794)
2. Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298)

Categoría IV: Penso mineral complementario.

1. Nutrinieto, S.L.U (NIF: B94088457)
2. Severiano Agrocomercial, S.L.U (NIF: B15790298)

2. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3. O SDA terá unha duración dun ano. Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada una delas.

22. 36232.- INADMISIÓN DA EMPRESA KATAPULTING IDEAS S.L. (NIF: B85911337) NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN APROBADO PARA RACIONALIZAR A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO, MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN, ENCUADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE PUBLICACIÓNS E ELEMENTOS DIVULGATIVOS (EXPTE.2025050606)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2025, aprobou o expediente para implementar un sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de setembro de 2025, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego. Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.



Na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025 a Xunta de Goberno acordou admitir ás seguintes empresas nas distintas categorías do sistema dinámico:

Categoría I: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
3. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
4. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
5. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
6. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Categoría II: Preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos.

1. Agencia Grafica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
4. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
5. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
6. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
7. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
8. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Categoría III: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
3. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
4. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
5. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Categoría IV: Preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Agencia Grafica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
4. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
5. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
6. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
7. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Así mesmo, na sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2026 o mesmo órgano de contratación acordou admitir á empresa Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587) na Categoría I, II, III e IV deste sistema dinámico.



Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 5 de marzo de 2026, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Katapulting Ideas, S.L. (NIF B85911337), acordando a súa non admisión ao non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego. En concreto, a empresa achega unha relación dos servizos realizados, mais non presenta a documentación acreditativa que permita xustificalos. Así mesmo, tampouco consta a achega de documentación acreditativa da súa capacidade para contratar.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Non admitir á empresa Katapulting Ideas SL (NIF: B85911337) no Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego.

23. 36233.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL XESTIÓN CULTURAL ÁUREA S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA <+XUNTAS 2024>". (EXPTE. 2023072103) (DEVOGARAN2024057120)

Por acordo número 17.33805 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 21 de maio de 2024 (CSV.- YW80JPA3PR3ZXWF4), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de "Servizo de execución do programa <+XUNTAS 2024>". (Núm. Expte. 2023072103)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.A. (A-15.000.649)	13.384,62€	202400098503	09/05/2024

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Igualdade (CSV.- 6F88PH2ZV1URS1BE), no cal sinala que "(...) *Que a UTE Xestión cultural Aurea, S.L. (CIF: B-36394203) – Campa Formación e Intervención Socioeducativa (CIF: B-15666944) cumpriu co estipulado no prego de prescricións técnicas para acadar os fins perseguidos con dito programa, informando que polo que atinxe a este servizo non existe impedimento algún para proceder á devolución da garantía definitiva. (...)*".



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- FHBL7GUHXWV3MQMR), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.L. (B-36.394.203), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de execución do programa <+XUNTAS 2024>*” (Núm. Expte. 2023072103), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil XESTIÓN CULTURAL ÁUREA, S.L. (B-36.394.203), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (NIF.- A-70302039) “*Aval inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 689116*”, por importe de trece mil trescentos oitenta e catro euros con sesenta e dous céntimos (13.384,62 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 09/05/2024, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030945 (*Número de Carta de Pago 202400098503*).

24. 36234.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES, DO CONCELLO DE NIGRÁN, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN "CARLOS CASARES E A EVOLUCIÓN NA NORMALIZACIÓN DO GALEGO", APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/07/2025 (EXPT. 2025017565)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025 (acordo núm. 4.34595), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 18 de febreiro de 2025 (BOPPO núm. 33).



Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 24 de xullo de 2025 (acordo núm. 3.35472), acordou concederlle á Fundación Carlos Casares (CIF: G36907244) unha achega de 3.500,00 euros para a publicación "Carlos Casares e a evolución na normalización do galego", con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00.2025 do vixente Orzamento provincial.

Con data 11 de febreiro de 2026, número de rexistro WEB2026008822, a Fundación Carlos Casares presenta renuncia á subvención concedida no seu día por non poder desenvolver os contidos do proxecto dentro dos prazos de execución previstos na convocatoria.

Con data 13 de febreiro de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 4 de marzo de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servicio de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Fundación Carlos Casares presenta, o 11 de febreiro de 2026, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización da publicación "Carlos Casares e a evolución na normalización do galego", ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 13 de febreiro de 2026 (CSV:4PX931X3VVG1ORRQ), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 4 de marzo de 2026 (CSV:YL4Y6KGNDD2PD9Q1), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Fundación Carlos Casares* á subvención concedida para a realización da publicación "Carlos Casares e a evolución na normalización do galego", ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Fundación Carlos Casares*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

25. 36235.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN O EIDO DO CERVO, DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O AUDIOVISUAL "CERVOS NA PEDRA: PEGADAS DUN PASADO VIVO", APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/07/2025 (EXPTE. 2025013547)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025 (acordo núm. 4.34595), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 18 de febreiro de 2025 (BOPPO núm. 33).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 24 de xullo de 2025 (acordo núm. 3.35472), acordou concederlle á Asociación O Eido do Cervo (CIF: G55298) unha achega de 6.000,00 euros para o audiovisual "Cervos na pedra: pegadas dun pasado vivo", con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00.2025 do vixente Orzamento provincial.

Con data 19 de febreiro de 2026, número de rexistro WEB2026010760, a Asociación O Eido do Cervo presenta renuncia á subvención concedida no seu día por non poder levar a cabo o audiovisual dentro dos prazos establecidos na convocatoria.

Con data 20 de febreiro de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 4 de marzo de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación O Eido do Cervo presenta, o 19 de febreiro de 2026, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización do audiovisual "Cervos na pedra: pegadas dun pasado vivo", ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 20 de febreiro de 2026 (CSV:688L3YTR6KDUMLK1), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 4 de marzo de 2026 (CSV:LV93OG6EQB2HJD6B), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación O Eido do Cervo* á subvención concedida para a realización do audiovisual "Cervos na pedra: pegadas dun pasado vivo", ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Asociación O Eido do Cervo*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



26. 36236.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN XOAN DE CERDEIRA NO CARBALLO DO CHAN PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: VEN COÑECER O SAMAÍN” DO CONCELLO DE AS NEVES APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025 (EXPTE. 2025044685)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 07 de xuño de 2025, Marta Rodríguez Martínez, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN XOAN DE CERDEIRA NO CARBALLO DO CHAN (NIF: G36572642) presenta solicitude para “Liña 1: Ven coñecer o Samaín”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 530,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN XOAN DE CERDEIRA NO CARBALLO DO CHAN, do concello de As Neves (NIF: G36572642) unha subvención de 300,00 € para “Liña 1: Ven coñecer o Samaín” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 30 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026006115, a ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN XOAN DE CERDEIRA NO CARBALLO DO CHAN de As Neves, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de realizar a xustificación nos termos establecidos nas bases, ao non cumprir os xustificantes de gasto e os seus pagos correspondentes cos requisitos mínimos esixidos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 17 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN XOAN DE CERDEIRA NO CARBALLO DO CHAN (NIF: G36572642) documento con CSV: TJBZV8UHBRHBZUG2

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN XOAN DE CERDEIRA NO CARBALLO DO CHAN* (NIF: G36572642) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 300,00 € para a realización da actividade da “Liña 1: Ven coñecer o Samaín” (documento co CSV: H8IGIJOB06E1VTYH).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

27. 36237.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS DE SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE MARÍN APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025064690)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 26 de setembro de 2025, Ángel Giménez Rosales, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS (NIF: G36396711) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 787,67 €.

Terceiro.- a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS, do concello de Marín (NIF: G36396711) unha subvención de 336,80 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 08 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026001016, a ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS de Marín, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder acadar a entidade o pagamento do resto do importe do investimento total.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 27 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS (NIF: G36396711) documento con CSV: 5VV5VLGT8MO4S5UJ

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o



recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Cultural Coral Lembranzas* (NIF: G36396711) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 336,80 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais” (documento co CSV: DXFHQ6K4PTTV88D9).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



28. 36238.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN MÚSICO-CULTURAL ECOS DO FOLÓN DE SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSAIS” DO CONCELLO DE O ROSAL APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025066965)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 07 de outubro de 2025, María Carmen Álvarez Martínez, en representación da ASOCIACIÓN MUSICO-CULTURAL ECOS DO FOLÓN (NIF: G94072592) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 975,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN MUSICO-CULTURAL ECOS DO FOLÓN, do concello de O Rosal (NIF: G94072592) unha subvención de 336,80 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 13 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026001839, a ASOCIACIÓN MUSICO-CULTURAL ECOS DO FOLÓN de O Rosal, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola falta de liquidez da asociación que impide a posibilidade de xestionar a axuda correctamente.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 27 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN MUSICO-CULTURAL ECOS DO FOLÓN (NIF: G94072592) documento con CSV: 74SUTWTDNFI0NX7W

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Musico-Cultural Ecos do Folón* (NIF:G94072592) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 336,80 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais” (documento co CSV: N4Y5MA4CI0DP6YXF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

29. 36239.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA VALDARROSA DE SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTÉ. 2025064340)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 24 de setembro de 2025, Manuel Martínez Rodríguez, en representación da Asociación Coral Polifónica Valdarrosa (NIF: V36186773) presenta solicitude para “Adquisición de vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 3.408,30 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CORAL POLIFONICA VALDARROSA, do concello de Ponte Caldelas (NIF: V36186773) unha subvención de 673,60 € para “Adquisición de vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 14 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026002036, a ASOCIACIÓN CORAL POLIFONICA VALDARROSA de Ponte Caldelas, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de afrontar a asociación o pagamento total do orzamento presentado no proxecto.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 26 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CORAL POLIFONICA VALDARROSA (NIF: V36186773) documento con CSV: GTLPLHKYW5E5JFMB

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o



fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Coral Polifónica Valdarrosa* (NIF:V36186773) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 673,60 € para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV: ISPEEFACWV6CA1MP).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



30. 36240.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL DE BARBUDE DE SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE A ESTRADA APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025067758)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 10 de outubro de 2025, José Ramón Brea Bermejo, en representación da ASOCIACION CULTURAL ESCOLA DE MUSICA TRADICIONAL DE BARBUDE (NIF: G94153558) presenta solicitude para “Adquisición de vestiario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 4.109,76 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACION CULTURAL ESCOLA DE MUSICA TRADICIONAL DE BARBUDE, do concello de A Estrada (NIF: G94153558) unha subvención de 1.010,40 € para “Adquisición de vestiario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 14 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026002248, a ASOCIACION CULTURAL ESCOLA DE MUSICA TRADICIONAL DE BARBUDE de A Estrada, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder executar o investimento previsto.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 26 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION CULTURAL ESCOLA DE MUSICA TRADICIONAL DE BARBUDE (NIF: G94153558) documento con CSV: 92ATP049M3V0T1Z2

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.



- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Cultural Escola de Musica Tradicional de Barbude* (NIF: G94153558) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.010,40 € para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV: 6SR0ODAMNV0SCU3Q).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

31. 36241.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL CORO CANTARES DAS BURGAS DE SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE CUNTIS APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025067168)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 07 de outubro de 2025, Dolores Ferro Aboy, en representación da Asociación Cultural Coro Cantares das Burgas (NIF: G36362648) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.994,53 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL CORO CANTARES DAS BURGAS, do concello de Cuntis (NIF: G36362648) unha subvención de 1.178,80 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 3 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026001912, a ASOCIACIÓN CULTURAL CORO CANTARES DAS BURGAS de Cuntis, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por problemas económicos da entidade.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 26 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL CORO CANTARES DAS BURGAS (NIF: G36362648) documento con CSV: 5395KBMPORBUKLLS

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Cultural Coro Cantares das Burgas* (NIF:G36362648) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.178,80 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos musicais” (documento co CSV: VSYAXXXAL7QUT3Y0).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

32. 36242.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOUTOMAIOR DE SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO” DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (EXPTE. 2025067250)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.



Segundo.- En data 08 de outubro de 2025, Javier Comesaña Pereira, en representación da Asociación Cultural Coral Polifónica de Soutomaior (NIF: G36208817) presenta solicitude para “Adquisición de vestiario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.793,78 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOUTOMAIOR, do concello de Soutomaior (NIF: G36208817) unha subvención de 842,00 € para “Adquisición de vestiario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 14 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026002193, a ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOUTOMAIOR de Soutomaior, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non ter orzamento e non poder realizar o gasto en 2025.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 26 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOUTOMAIOR (NIF: G36208817) documento con CSV: CQP0Z9DCIQN003CL.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións



públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia .

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Cultural Coral Polifónica de Soutomaior* (NIF: G36208817) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00 € para a realización da actividade “Adquisición de vestuario” (documento co CSV: 1D3TUME601TAVDRF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



33. 36243.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A “CLUB SERENDIPIA” PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “I CAMPIONATO IBÉRICO DE FÚTBOL PRAIA” EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2025, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 (EXPTE. 2025018598)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, sesión ordinaria de 14 de novembro de 2025 (acordo 12.35773) acordou concederlle a “CLUB SERENDIPIA” (CIF G70923586) para a realización da actividade “I CAMPIONATO IBÉRICO DE FÚTBOL PRAIA” unha subvención de 2.378,38€

O 25 de febreiro de 2026 (Ref. WEB2026012382) a entidade beneficiaria presenta escrito no que informa que renuncia á subvención concedida.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o Fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 39, de 26 de febreiro de 2025.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos e que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. Segundo o citado artigo, a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluso o procedemento, salvo que téndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de des días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Examinado o expediente, non hai motivo para non aceptar a renuncia do beneficiario á subvención.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para aceptar a renuncia é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra como órgano concedente da subvención.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada polo “*CLUB SERENDIPLA*” (CIF G70923586) á subvención concedida por importe de 2.378,38€ para a realización da actividade “*I CAMPIONATO IBÉRICO DE FÚTBOL PRAIA*”
2. Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
3. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Turismo, a Intervención e ao interesado.

34. 36244.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE ABASTECIMENTO MANANCIAL RESTEVELAS PARA O INVESTIMENTO “NOVACIÓN DA CONCESIÓN DE AUGA” INCLUÍDO NO PROGRAMA +NOVAQUA 2025. (EXPTE. 2025015198)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 6.35602 de data 07 de novembro de 2025, concedese unha subvención, ao abeiro do Plan +NOVAQUA 2025, por importe de 6.000,00 euros á comunidade de abastecemento



manancial Restevelas co obxecto do financiamento do investimento “novación da concesión de auga” en base a un orzamento polo mesmo importe. Expediente: 2025015198.

Terceiro.- Nas datas, 09/01/2026, 12/01/2026 e 15/01/2026 dentro do prazo establecido na convocatoria, teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación (WEB2026001266, WEB2026001512 e WEB2026002554 respectivamente), oficios da Comunidade de usuarios do manancial de Restevelas nos que xuntan a documentación relativa ao investimento denominado “novación da concesión da auga” e demais documentación xustificativa e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 22/01/2026, o facultativo técnico de Cooperación presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: LUCTQVDQ9Y5Q33RH.

Cuarto.- En data 27/02/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existen informes desfavorables da Intervención provincial de datas 3 de novembro de 2025 (CSV: QNUXWWGJACV2B8NG) e 14 de outubro do 2025 (CSV: OF1FXQSZQV5LJKHV), respecto á modificación de crédito que motivou a concesión das solicitudes en lista de agarda ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025 entre as que se atopaba a solicitude presentada pola Comunidade de usuarios do manancial de Restevelas.

Quinto.- Dado que a Comunidade de usuarios do manancial de Restevelas con CIF G36435337, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 6.000,00 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación e da intervención provincial de datas 27/01/2026 e 27/02/2026, respectivamente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 6.000,00 euros a favor da comunidade de abastecemento manancial Restevelas, con CIF G36435337, ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á comunidade de abastecemento manancial Restevelas, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



35. 36245.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2026011141, 2026012019, 2026012865)

a) Vista a relación de operacións con número 2026011141 (CSV: TXOJSUC6JL744LIW), que contén 1 operacións por un importe de 64,20 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	64,20 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	64,20 €

b) Vista a relación de operacións con número 2026012019 (CSV: TEJIGS5LXM35T8EN), que contén 7 operacións por un importe de 3.960,66 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.997,85 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	37,19 €
Total líquido	3.960,66 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026012865 (CSV: T1KKAD18ZOD3QHFD) que contén 2 operacións por un importe de 781,66 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	841,66 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	60,00 €
Total líquido	781,66 €



36.36246.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS MATERIAIS E PERSOAIS PRODUCIDOS EN ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN NO CONCELLO DE POIO (EXPTE. 2024027024)

Dada conta que con data de rexistro 19/04/2024 (rex. núm. WEB2024026212) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D. José Manuel Fernández Arévalo en representación de D.^a María Casal Crespo, por danos materiais e persoais producidos en accidente de circulación que tivo lugar a consecuencia da presenza de gasóleo na calzada da estrada provincial E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, no Concello de Poio, e sendo cuantificada economicamente en 15.478,76 €, ou subsidiariamente en 12.010,10 €.

Resultando.- Que con data 08/05/2024, requiríuse á interesada para que de conformidade co disposto nos artigos 18 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, subsanara a instancia aportando os documentos que se relacionan a continuación, e sen prexuízo da posterior aclaración da contía reclamada, ó figurar na instancia dous importes distintos:

- Documentación do vehículo e permiso de circulación.
- Certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que a súa asegurada non foi indemnizada por mor deste sinistro.
- Certificación feita pola mutua de traballo na que deixara constancia de que D.^a María Casal Crespo non foi indemnizada por este accidente *in itinere*.

Resultando.- Que con data 15/05/2024, achega a documentación requirida, sinalando que a contía reclamada ascende a 12.010,10 €, e recolléndose na certificación da Mutua FREMAP o seguinte:

“Que D.^a María Casal Crespo no ha sido indemnizada por parte de esta mutua en relación con el accidente de fecha 09/063/2023.

Ha tenido derecho a las prestaciones de asistencia sanitaria y subsidio de incapacidad temporal (en forma de pago delegado), de acuerdo con lo establecido en la Ley General de Seguridad Social”.

Resultando.- Que na data 08/07/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2024008163, de data 18/10/2024, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse o mesmo, nese intre procedimental, pendente da emisión do informe por parte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.



Resultando.- Que con data 07/11/2024, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación emite informe con seguinte contido literal:

Primeiro.- A estrada EP-0601 PORTOSANTO-CAMPELO-PO-308 pertence á rede provincial de estradas.



A reclamación sitúase no punto quilométrico PK 2+875 (marxe dereita) da estrada provincial.



EP0601 - PORTOSANTO - CAMPELO - PO-308 (1,78 Km)

PK [2+875] DIST. 2875 COORD. 526042.413, 4698429.621 ALTITUDE 32.917

CALZADA	BRUA. ESQ.	BRUA. DER.	CUNETA ESQ.	CUNETA DER.	BVIA. ESQ.	BVIA. DER.	CARRIS	PENDENTE	RADIO	PERALTE ESQ.	PERALTE DER.	VIS. DIR.	VIS. INV.	ACIMUT
5.253	0.000	0.000	0.000	1.143	0.121	0.141	2	1.330 %	-67.300 m.	-4.207 %	-3.775 %	90	40	1.140 °

visor dos panoramas (2018)



Vista frontal (2018)



Vista traseira (2018)





Segundo.- Dende o ano 2022 aparecen as seguintes incidencias na estrada provincial (achéganse os partes rexistrados).



[Listados de Partes / Partes](#)

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	25/03/2022	18:38	01128	POJO	Centro	
2022	112	Comunicado	25/03/2022	18:38	01128	Portosanto - Campelo - PO-308	
		Finalizado	25/03/2022	20:45	01128	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				POLICIA LOCAL POJO
		Notas	ute				
		Finalizado	Incidencia				limpeza de via por accidente
Nº de Parte	Rexistro	14/05/2022	11:30	01128	POJO	Centro	
2022	147	Comunicado	14/05/2022	11:35	01128	Portosanto - Campelo - PO-308	
		Finalizado	14/05/2022	13:35	01128	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	Riveiro está de bajaCapataz José Corbacho				
		Finalizado	Incidencia				Limpieza restos de accidente
Nº de Parte	Rexistro	15/07/2022	18:38	05413	POJO	Centro	
2022	236	Comunicado	15/07/2022	18:40	05413	Portosanto - Campelo - PO-308	
		Finalizado	15/07/2022	22:25	05413	Padín	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas					
		Finalizado	Incidencia				Mancha de aceite
Nº de Parte	Rexistro	25/12/2022	13:56	01128	POJO	Centro	
2022	696	Comunicado	25/12/2022	14:00	01128	Portosanto - Campelo - PO-308	
		Finalizado	25/12/2022	14:00	01128	Victor	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				POLICIA LOCAL
		Notas	CERRADO CO PARTE 690				
		Finalizado	Incidencia				SOCAVÓN BASTANTE GRANDE QUE PROVOCO UN ACCIDENTE



Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Registro	17/01/2023	21:53	01128	POIO	Centro
2023	75	Comunicado	17/01/2023	21:52	01128	Portosanto - Campelo - PO-308
		Finalizado	17/01/2023	21:52	01128	Riveiro
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	CONTINUACIÓN DO 74			
		Incidencia	SOCAVÓN DE UNOS 15CM.			
Finalizado						
Nº de Parte	Registro	10/03/2023	16:20	01128	POIO	Centro
2023	198	Comunicado	10/03/2023	16:20	01128	Portosanto - Campelo - PO-308
		Finalizado	10/03/2023	22:45	01128	Riveiro
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	CONTINUA NO 199 E 200			
		Incidencia	MANCHA DE ACEITE			
Finalizado						
Nº de Parte	Registro	09/06/2023	07:49	01128	POIO	Centro
2023	350	Comunicado	09/06/2023	07:53	01128	Portosanto - Campelo - PO-308
		Finalizado	09/06/2023	07:53	01128	Riveiro
		Comunica	112 - SOS GALICIA POLICIA LOCAL POIO			
		Notas	carrase con 348			
		Incidencia	mancha de aceite grande			
Finalizado						
Nº de Parte	Registro	22/07/2023	19:30	05413	POIO	Centro
2023	422	Comunicado	22/07/2023	19:32	05413	Portosanto - Campelo - PO-308
		Finalizado	22/07/2023	21:45	05413	Riveiro
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	EP-0608			
		Incidencia	Restos de accidente			
Finalizado						
Nº de Parte	Registro	09/08/2023	18:56	01128	POIO	Centro
2023	449	Comunicado	09/08/2023	19:00	01128	Portosanto - Campelo - PO-308
		Finalizado	09/08/2023	19:00	01128	Padín
		Comunica	112 - SOS GALICIA PARTICULAR			
		Notas	carrase co parte 448			
		Incidencia	terra nun cruce			
Finalizado						

Este servizo foi notificado ás 07.49 horas do 9 de xuño do ano 2023, (dende o 112-SOS GALICIA, de parte da Policía Local) por "mancha de aceite grande".



A brigada de garda responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).

O tempo de resposta segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o incidente, o “tempo de resposta” da brigada responsable estímase en 40 minutos aproximadamente.

Parte de Vías e Obras

Ano Parte Finalizado

Datos Rexistro

Data

Comunica

Incidencia

Concello Estrada

Ubicación K.M.

Brigada Zona

Seguimento

				Horas	Minutos
Comunicado	<input type="text" value="09/06/2023"/>	<input type="text" value="07:53"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>
Finalizado	<input type="text" value="09/06/2023"/>	<input type="text" value="07:53"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Extra	<input type="text" value="0"/>

Notas



Terceiro.- No tramo anterior ao accidente e na dirección que levaba o coche obxecto da reclamación, existe a seguinte sinalización:



SENTIDO ACCIDENTE

- PK 2+745:
 - Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 30 km/h.
 - Sinal vertical (P 15a) de resalto





SENTIDO CONTRARIO

- *PK 3+334:*
 - *Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 30 km/h.*
 - *Sinal vertical (P 15a) de resalto*
- *P.K. 3+300 :*
 - *Marcado horizontal de velocidade máxima 30 km/h*
 - *RFV (reductor físico de velocidade)*



Cuarto.- Descoñecemos o motivo da presenza de gasóleo na calzada. A causa habitual é o verquido dalgún vehículo pero non existen aviso previo do perigo que motivara unha actuación por parte do servizo de atención a incidencias.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido, pois a forza causacional reside nun vertido dunha sustancia deslizando na calzada que puidera provir dun terceiro que, precedentemente, utilizou esa vía e que de forma consciente ou non, a derramou, atopándonos ante un suposto de forza maior (caracterizado pola súa externalidade e imprevisibilidade, que motiva a súa irresistibilidade e consecuente inevitabilidade), ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias, xa que a mera detentación material dunha infraestrutura, non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que no informe da Garda Civil de Pontevedra, aportado pola reclamante xunto coa instancia, sinalase que sobre a calzada hai unha mancha de gasóleo de aproximadamente 1 km, nun tramo plano con boa visibilidade, choiva débil e limitación de velocidade a 30 km/hora, (sinalándose asemade no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais a presenza dun senal vertical de perigo pola presenza dun resalto), polo que de terse adecuado a condución ás circunstancias esixidas pola vía, o accidente podería non terse producido; o que fai descansar a responsabilidade -concorrente coa forza maior-, na condutora do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

g) Al circular por pavimento deslizante”.



Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos idénticos ou similares (outro tipo de substancias verquidas), fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na limpeza da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa limpeza, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada que acudiu a cubrir o incidente tardou arredor de 40 minutos en chegar ó lugar para a sinalización e limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Da 170/04 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:



“...La mancha deslizante tuvo su origen en la intervención de un tercero lo que provoca la ruptura del nexo causal y por ende, exonera de responsabilidad a la Administración Provincial (STS de 9.5.2000). En ese orden de cosas, tampoco ha quedado demostrado que el servicio de vías y obras provinciales desatendiera su cometido de mantenimiento, en las debidas condiciones, de la vía por la que circulaba el recurrente de haber recibido el aviso de intervención correspondiente, con motivo de la presencia de una sustancia deslizante en una vía de su titularidad...”

- Da 183/06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“...No ha quedado probado que el mencionado servicio provincial de vías y obras hubiera desatendido su cometido de mantenimiento de la vía pública en las debidas condiciones de seguridad para la circulación ante un eventual aviso de intervención que, por otra parte, tampoco hay constancia de su formulación. (...) En conclusión, cabe indicar que no procede exigir la responsabilidad de la Administración Pública titular de la carretera...”
- Da 74/2009 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra:
“...hay que señalar que la mancha de gasoil se tuvo que producir poco antes del siniestro pues de lo contrario se hubiese evaporado (S.T.S Justicia del País Vasco 30-112007), sin que conste que el servicio de vías y obras de la Diputación Provincial fuera requerido. (...) La S.T.S. de 11-2-1987 “la naturaleza del factor causante del accidente (...) y la posibilidad de que se hubiera producido poco antes del siniestro, hace que por muy estricto concepto que se tenga de la función de vigilar (las vías pública por la Administración titular de las mismas) no quepa imputar a la Administración un incumplimiento o cumplimiento defectuoso de dicho deber, derivado de no eliminar perentoriamente y con urgencia un obstáculo que ha podido aparecer de manera tan repentina como impensable...”
- Da 329/10 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra:
“...La obligación de la administración es proceder a la limpieza o reparación inmediata tras el aviso del problema, sin que en este caso hubiese aviso alguno (...) no puede exigirse de la administración de la vigilancia exhaustiva y en todo momento de las vías de su titularidad, siendo un suceso que no puede evitarse el de que otro usuario de la vía pueda derramar sobre ésta y de forma inmediata los demás usuarios se vean afectados, sin que de ello haya de derivarse responsabilidad patrimonial de la administración...”

Considerando.- Que diferentes precedentes sentados polos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, en supostos con identidade de razón, presenza de sustancias deslizantes na estrada, desestimaron os recursos presentados, exonerando a esta Administración de toda responsabilidade, como os que se citan a continuación:

- Sentenza 128/14 do do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... Procede ahora analizar si puede determinarse la existencia de ese nexo causal (...) La respuesta en relación con la cuestión planteada debe ser negativa en este caso, ya que no resulta exigible ni a la entidad demandada ni a ninguna otra, un mantenimiento continuo y en tan breve espacio de tiempo de las carreteras en estado impoluto, máxime cuando aparecen obstáculos imprevisibles (en este caso la mancha de aceite vertida por otro vehículo) en la carretera, existiendo además la obligación de cualquier conductor de permanecer atento a la conducción ya al estado de la vía (...)”
- Sentenza 33/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... A la vista de todo lo anteriormente expuesto, se considera que no se ha acreditado la existencia de esa acción y/o omisión culposa de la Administración demandada, presupuesto básico para exigir la responsabilidad patrimonial de



la Administración, al considerar acreditado que la Administración ha procedido en cuanto a la conservación de la carretera donde se produjo el accidente, dentro del estándar mínimo exigible”.

- Sentenza 120/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... Constando que nadie dio aviso (...) ni de la existencia de aceite ni de ninguna otra sustancia en esa carretera hasta que se produjo el accidente del recurrente, se considera que no se ha acreditado la existencia de nexo de causalidad entre el accidente del recurrente y la actuación de la Administración, ni tampoco se ha acreditado que la actuación de la misma fuese incorrecta”.
- Sentenza 329/10 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“... De todo lo anterior ha de concluirse que, si bien es cierta la presencia de manchas de sustancia deslizante en la calzada, y que éstas tuvieron influencia decisiva para la producción del accidente, sin embargo, no se acredita que esas manchas llevaran en la carretera un tiempo considerable como para atribuir dejadez o falta de cumplimiento de sus obligaciones a la administración actuante, que pudiera llevar a afirmar la relación de causalidad entre el funcionamiento del servicio público y el daño producido”.
- Sentenza 45/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“... Teniendo en cuenta la prueba practicada, ha de concluirse, como hace la demandada, que el vertido fue provocado por un tercero y que a la administración titular de la vía únicamente podría exigírsele responsabilidad por una defectuosa vigilancia o mantenimiento de sus carreteras si ese vertido estuviere durante tiempo en el lugar, creando un peligro evidente, y sin que la administración se percatara de ello mediante las inspecciones periódicas que manifiestan realizar, o bien, sin que se reaccionara adecuadamente una vez que se tiene conocimiento de su existencia”.

Considerando.- Que parece pouco probable que, de circular respectando o límite de velocidade establecido (30 km/h) se tiveran producido os danos e lesións que se reclaman (12.010,10 €), sendo, incluso improbable -no caso de terse respectado a limitación de velocidade- que o accidente se tivera producido.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



37.36247.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO PRODUCIDOS EN ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN NO CONCELLO DE A CAÑIZA (EXPTE. 2025018292)

Dada conta que con data de rexistro 25/03/2025 (rex. núm. WEB2025021460) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D.^a Stella Rodríguez Fernández en representación de D.^a Beatriz Teijeira Márquez, por danos en vehículo producidos en accidente de circulación, que tivo lugar o día 18/10/2024, a consecuencia de atoparse esvaradía a calzada da estrada provincial E.P. 5206, no Concello de A Cañiza, pola humidade da choiva e a presenza de follas e restos vexetais, sendo cuantificada a mesma en 2.880 €.

Resultando.- Que xunto coa instancia, achega a reclamante atestado instruído pola Policía Local de A Cañiza no que se contén o seguinte:

- *Tramo de curvas que se encontra sucio debido a las hojas de los eucaliptos.*
- *Se trata de una zona de curvas y de un tramo ligeramente descendente.*
- *El firme es rígido con pavimento aglomerado asfáltico en un estado de conservación bueno.*
- *Señal P-24 de advertencia de peligro: paso de animales en libertad.*
- *Factores atmosféricos de tiempo lluvioso, el suelo se encontraba mojado y sucio y la visibilidad era media ya que estaba amaneciendo. La hora del accidente es a las 08:20 h.*
- *Preguntada “in situ” sobre el desarrollo de los hechos, manifiesta que circulaba a una velocidad normal y que no sabe muy bien si pisó el freno, pero al llegar a la curva donde había hojas en el suelo, al pasar por encima de ellas perdió el control del vehículo y se salió de la carretera chocando contra los árboles.*
- *Es parecer del Agente actuante que el presente accidente de circulación pudo tener el siguiente desarrollo: Aproximadamente a las 08:20 horas del 18 de octubre de 2024, el vehículo marca Ford, modelo Fiesta, con matrícula 0174BSF, conducido por D.^a Beatriz Teijeira Márquez, circulaba por la E.P. 5206 sentido decreciente y en el punto kilométrico 1.1, donde el asfalto se encontraba lleno de hojas y otros restos vegetales, que junto con la humedad debido a la lluvia, hacían que esa zona de la carretera fuera resbaladiza, lo cual supuestamente provocó que la conductora perdiese el control del vehículo impactando contra los árboles.*
- *A las 09:45 horas, se presentó una Brigada de operarios que trabaja para la Diputación Provincial para proceder a la limpieza.*







Resultando.- Que na data 21/04/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, o cal foi emitido na data 03/06/2025 co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O punto do accidente localízase no p.q.1+100 da EP-5206, estrada pertencente á rede de estradas provinciais.

SEGUNDO.- O accidente tivo lugar nunha saída de vía ó pasar por una curva, desviándose o vehículo da calzada e chocando cunhas árbores da marxe.

O pavimento estaba mollado e cheo de follas caídas do arborado, pois o accidente se produciu en outono e a zona estaba afectada por un temporal de vento e choiva.

TERCEIRO.- A brigada acudiu á zona despois de recibir aviso, e procedeu á limpeza da vía, eliminando todos os restos de follas existentes na calzada na mesma mañá do accidente.

En torno ás 09:30 h xa estaba a brigada limpando a estrada, en menos de 1 hora dende o aviso.

Cabe destacar que a estrada neste tramo ten un trazado sinuoso, e o condutor debe adecuar a súa condución ó estado da vía e en función da meteoroloxía. O accidente tivo lugar a primeira hora da mañá, con plena visibilidade, e a condutora tivo que percatarse da existencia de follas caídas na calzada durante a noite na estrada, debendo por tanto, reducir á súa velocidade evitando a saída da vía.



CUARTO.- Non hai constancia de outros accidentes similares acontecidos no lugar en datas anteriores ou posteriores

QUINTO.- A última revisión rutineira da vía antes de producirse o accidente foi durante a semana previa, non detectándose ningunha incidencia.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido, e iso polos seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O accidente produciuse nunha zona de trazado sinuoso e tramo lixeiramente descendente.
- O firme atopábase en bo estado de conservación.
- Existencia de sinal P-24, de advertencia de perigo por paso de animais en liberdade (o que obriga a extremar a precaución ó circular pola zona).
- O tempo era chuvioso con firme mollado e cheo de follas caídas do arborado, xa que era outono e a zona estaba afectada por un temporal de vento e choiva.
- Segundo o parecer do Axente actuante, o asfalto atopábase cheo de follas e outros restos vexetais que, xunto coa choiva, facían que esa zona da estrada fora esvaradía, o cal supostamente provocou que a condutora perdesse o control do vehículo impactando contra as árbores.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.
- A última revisión rutineira realizouse a semana previa, sen detectarse ningunha incidencia na vía.

Considerando.- Que á vista das fotografías obrantes no expediente, o estado do pavimento era perfectamente visible, polo que a condutora debeu extremar a precaución, pois a presenza das follas caídas sobre o asfalto mollado, a consecuencia do temporal de vento e choiva, induce a pensar que o firme podería atoparse esvaradío, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias á Deputación, xa que



a mera detentación material dunha infraestrutura, non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o propio relato da reclamante recollido no atestado instruído pola Policía Local de A Cañiza, cando manifesta “que no sabe muy bien si pisó el freno, pero al llegar a la curva donde había hojas en el suelo, al pasar por encima de ellas, perdió el control del vehículo”, induce a pensar que se trata dunha condución imprudente ou desatenta da condutora.

Considerando.- Que se trata dun tramo con trazado sinuoso e lixeiramente descendente, con tempo chuvioso e o firme mollado e cheo de follas, polo que de terse adecuado a condución ás circunstancias esixidas polo estado da vía, o accidente podería non terse producido; o que fai descansar a responsabilidade na condutora do vehículo. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

g) Al circular por pavimento deslizante”.

Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 “...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”



Artigo 18.1: “...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. en supostos similares (pavimento deslizante), fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na limpeza da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa limpeza, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada que acudiu a cubrir o incidente tardou menos dunha hora en chegar ó lugar para a limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Sentenza 170/04 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“...Tampoco ha quedado demostrado que el servicio de vías y obras provinciales desatendiera su cometido de mantenimiento, en las debidas condiciones, de la vía por la que circulaba el recurrente de haber recibido el aviso de intervención correspondiente...”
- Sentenza 183/06 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“...No ha quedado probado que el mencionado servicio provincial de vías y obras hubiera desatendido su cometido de mantenimiento de la vía pública en las debidas condiciones de seguridad para la circulación ante un eventual aviso de intervención que, por otra parte, tampoco hay constancia de su formulación (...) En conclusión, cabe indicar que no procede exigir la responsabilidad de la Administración Pública titular de la carretera...”
- Sentenza 329/10 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Pontevedra:
“...La obligación de la administración es proceder a la limpieza o reparación inmediata tras el aviso del problema, sin que en este caso hubiese aviso alguno (...) no puede exigirse de la administración de la vigilancia exhaustiva y en todo momento de las vías de su titularidad, siendo un suceso que no puede evitarse el de que otro usuario de la vía pueda derramar sobre ésta y de forma inmediata los demás usuarios se vean afectados, sin que de ello haya de derivarse responsabilidad patrimonial de la administración...”



Considerando.- Que diferentes precedentes sentados polos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, en supostos similares (calzada esvaradía), desestimaron os recursos presentados, exonerando a esta Administración de toda responsabilidade, como os que se citan a continuación:

- Sentenza 128/14 do do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... Procede ahora analizar si puede determinarse la existencia de ese nexo causal (...) La respuesta en relación con la cuestión planteada debe ser negativa en este caso, ya que no resulta exigible ni a la entidad demandada ni a ninguna otra, un mantenimiento continuo y en tan breve espacio de tiempo de las carreteras en estado impoluto, máxime cuando aparecen obstáculos imprevisibles en la carretera, existiendo además la obligación de cualquier conductor de permanecer atento a la conducción y al estado de la vía (...)”.
- Sentenza 33/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... A la vista de todo lo anteriormente expuesto, se considera que no se ha acreditado la existencia de esa acción y/o omisión culposa de la Administración demandada, presupuesto básico para exigir la responsabilidad patrimonial de la Administración, al considerar acreditado que la Administración ha procedido en cuanto a la conservación de la carretera donde se produjo el accidente, dentro del estándar mínimo exigible”.
- Sentenza 120/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“... Constando que nadie dio aviso (...) hasta que se produjo el accidente del recurrente, se considera que no se ha acreditado la existencia de nexo de causalidad entre el accidente del recurrente y la actuación de la Administración, ni tampoco se ha acreditado que la actuación de la misma fuese incorrecta”.

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

38.36248.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “LE CER EN FAMILIA”, ANO 2026 (EXPTE. 2025039593)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2025, acordou a aprobación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LE CER EN FAMILIA 2026”.



Segundo.- A base novena “*Comprobación de datos*” establece que se consultará automaticamente o documento “*Certificado de rexistro electrónico de nacemento*”.

A base décima “*Documentación*” establece que será documentación a presentar polas persoas interesadas o “*rexistro electrónico individual no caso de non autorizar a súa consulta, ou o libro de familia no caso de menores nados antes do 30 de abril de 2021. A copia do libro deberá ser íntegra e incluír os datos das persoas que figuran na solicitude*”.

Si ben no momento de aprobación se contemplou a consulta e a verificación automática dos datos do libro de familia mediante os sistemas de interoperabilidade administrativa, constatouse con posterioridade, que dito documento non se atopa dispoñible nas plataformas de intermediación correspondentes, o que impide materialmente a súa obtención por esta vía.

A fin de garantir a correcta tramitación do procedemento, a seguridade xurídica das persoas solicitantes e o principio de eficacia administrativa, resulta procedente modificar as bases para adaptar a forma de acreditación de tidos extremos á realidade técnica existente.

A modificación non altera a natureza nin os requisitos substantivos do programa, senón que ese limita a axustar o mecanismo de comprobación documental, asegurando a viabilidade práctica do procedemento e a súa plena conformidade coa normativa aplicable en materia de administración electrónica e interoperabilidade.

Terceiro. - Con data 5 de marzo de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social propon a modificación das bases reguladoras do programa “*Lecer en Familia*” para o ano 2026, nos termos expostos:

- Base Novena. Comprobación de datos

Onde di:

“*Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*

- *NIF da persoa solicitante.*
- *Datos de convivencia actual.*
- *Certificado de residencia ou volante de empadramento nalgún concello da provincia de Pontevedra das persoas da unidade familiar.*
- *Certificado de rexistro electrónico de nacemento.*

Deberá dicir:

“*Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*

- *NIF da persoa solicitante.*
- *Datos de convivencia actual.*

(...)”

- Base Décima. Documentación

Onde di:

“*As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:*

1. *Rexistro electrónico individual no caso de non autorizar a súa consulta, ou o libro de familia no caso de menores nados antes do 30 de abril de 2021. A copia do libro deberá ser íntegra e incluír os datos das persoas que figuran na solicitude.*
2. *Sentenza de separación ou divorcio, só no caso de que algún dos membros da unidade familiar non resida no mesmo domicilio. (...)*”



Deberá dicir:

“As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

1 *Libro de familia no caso de menores sen DNI ou NIE. A copia do libro deberá ser íntegra e incluír os datos das persoas que figuran na solicitude.*

2 *Sentenza de separación ou divorcio, só no caso de que algún dos membros da unidade familiar non resida no mesmo domicilio.*

3 *No caso de solicitar a participación de menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar deberán achegar a documentación acreditativa correspondente. (...)*”

Cuarto.- Con data 6/03/2026 Secretaría Xeral e Intervención emiten dilixencias de conformidade coa proposta (CSV KJR87RAKCNVYL1LM e 60J0AAGZH5FJ0V1F)

- PROPOSTA DE ACORDO:

Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou as citadas bases, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación das bases reguladoras do Programa “Lecer en Familia” para o ano 2026.

O texto íntegro incorporadas as modificacións propostas poderá consultarse no seguinte CSV: QSLFDWFKXVIACBQW e serán publicadas tal como seguen a continuación:

“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “LECE EN FAMILIA” 2026
Expediente 2025039593

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e do reforzo do conxunto dos servizos sociais mediante a promoción da innovación e dun modelo de atención centrado na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere fortalecer o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso, é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolle un especial apoio e protección.

O programa “Lecer en familia”, destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, configúrase como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais e crear tempo de lecer de calidade no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

Ao ofrecer un programa específico para familias en establecementos hoteleiros da provincia, estamos contribuíndo directamente a promover o tempo de calidade en familia, a apoiar a convivencia e a fomentar o benestar físico e mental, ademais de proporcionar unha opción de lecer que contribúe a mellorar de forma global a calidade de vida das familias e cumprir así coas directrices desta importante lexislación galega.

Ademais, este programa configúrase como un dinamizador da economía da provincia que impulsa a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Para isto, a Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove a terceira edición deste programa, a través do cal, na súa primeira convocatoria, preto de 1.000 familias puideron gozar dunha noite en fins de semana en establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais da provincia de Pontevedra, con réxime de media pensión.

Desde o punto de vista competencial, na Convención sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 44/25, de 20 de novembro de 1989, reivíndicase tamén a necesidade de protexer e ofrecerlle a asistencia necesaria



á familia para que esta poida asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade, xa que está considerada o grupo fundamental da sociedade e o medio natural para o crecemento e benestar de todos os seus membros, en especial dos máis vulnerables, coma as nenas e os nenos.

Sobre estas premisas e o mandato dos artigos 16.3 da Declaración universal dos dereitos humanos, do 39 da Constitución española e do 33 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que garanten a protección social, económica e xurídica da familia, aséntase a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Nesta liña, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Por todo o exposto, convócase o programa “Lecer en familia” 2026, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de prazas do programa “Lecer en familia” para o ano 2026.

Segunda. Finalidade

A finalidade do programa é reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia que permita desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para todos os seus membros, a través de actividades destinadas a mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza, ao tempo que favorece o desenvolvemento da autonomía.

Terceira. Orzamento e financiamento

O importe da achega provincial para cofinanciar esta convocatoria ascende á contía máxima de cento setenta e nove mil cincocentos sesenta e dous euros (179.562,00 €), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

Cuarta. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

2. Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal; neste caso esixírase que ambos os domicilios (o da persoa solicitante en situación de separación ou divorcio e o dos outros membros da familia incluídos na solicitude) estean na provincia de Pontevedra.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.



Así mesmo, consideraranse como integrantes da unidade familiar os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar pola persoa solicitante.

3. As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os cuidados necesarios.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditarase mediante unha declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da súa veracidade.

Quinta. Descrición e desenvolvemento do programa

O programa “Lecer en familia” 2026 contará con 2.957 prazas.

O ámbito temporal de execución do programa será entre o cuarto trimestre do ano 2026 e o primeiro trimestre do 2027.

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía. As persoas beneficiarias poderán elixir, indistintamente e no momento da solicitude, por orde de preferencia, os tres establecementos que máis lles satisfagan de entre os ofertados (incluídos no anexo I, que se publicará cando se adxudique o contrato de prestación do servizo), aínda que a asignación de prazas estará suxeita á dispoñibilidade e á capacidade dos dormitorios destes. Así mesmo, no formulario de solicitude poderanse sinalar dous meses de preferencia para realizar a estancia, que non serán vinculantes e quedará suxeita á dispoñibilidade nos establecementos.

Independentemente da obriga de que cada familia formule a súa propia solicitude, aquelas que desexen participar nas mesmas datas e no mesmo establecemento hoteleiro deberán indicar no apartado “Unión da solicitude coa doutra familia” o nome, os apelidos e o NIF da persoa solicitante da outra unidade familiar coa que queren coincidir. Estes datos utilizaranse unicamente para xestionar os dormitorios nos establecementos elixidos, sen que en ningún caso se garanta a coincidencia solicitada, ao quedar esta condicionada á dispoñibilidade existente no establecemento.

Con carácter xeral, asignaráselles ás persoas participantes un cuarto de acordo co número de membros da unidade familiar; se fose preciso, asignaríanse máis dormitorios sempre que haxa unha persoa adulta en cada un deles. Este aspecto queda condicionado á dispoñibilidade e condicións de ocupación do establecemento elixido. As persoas que demanden expresamente un cuarto individual para algún membro da unidade de convivencia deberán aboar o custo adicional correspondente, que poderá variar segundo o establecemento de destino.

Á hora de confeccionar os menús teranse en conta as características e necesidades das persoas participantes, que serán as responsables de poñelas en coñecemento do persoal da empresa que xestionará o programa. Así mesmo, quen por prescrición facultativa requira unha dieta específica e así o acredite documentalmentemente terá á súa disposición un menú especial ou un menú infantil, no seu caso.

Ofreceráse un almorzo tipo bufete e cea con dous pratos e sobremesa, incluídas as bebidas non alcohólicas, así como un menú infantil para menores de 3 a 12 anos (estes incluídos). A cea poderá realizarse nun restaurante próximo ao establecemento no que pase a noite a familia, o que se indicará, xunto cos establecementos ofertados, no anexo I.

No modelo de solicitude do programa habilitarase un campo para que as persoas solicitantes que o autoricen indiquen un número de teléfono móbil no que recibirán avisos relacionados co programa mediante unha mensaxe de texto.



A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable de executalo, coordinalo e avalialo. Esta empresa disporá de persoal cualificado e dun servizo de atención ao público por vía telefónica para calquera dúbida que puidese xurdir; así mesmo, informará as persoas participantes das normas de conduta e utilización das instalacións e das coberturas do seguro para o programa. A empresa adxudicataria deberá adoptar as medidas sanitarias que no seu caso estean vixentes. A empresa especializada ofertará dúas actividades complementarias para realizar en cada un dos establecementos, así como un concurso de fotografía para as familias participantes, cun premio dunha estancia gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa. Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá selle comunicar ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.

Sexta. Réxime económico

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- *2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que para as e os menores de 3 anos será de balde.*
- *50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.*

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Esta percepción deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, antes de aprobarse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

En caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, cando se cumpran os demais requisitos establecidos.

Se non se cubriren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo I, que se publicará na páxina web cando se adxudique o contrato de prestación do servizo.

Sétima. Requisitos das solicitudes e lugar de presentación

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.

Co fin de posibilitar a tramitación electrónica do procedemento e o tratamento automatizado de datos categorizados, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), no que se inclúe a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a de non incorrer en causas de prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria de subvención previstas nos apartados 2 e 3 da LSG.

A presentación da solicitude nun modelo distinto ao normalizado, correspondente a este procedemento, constituirá causa de inadmisión, sen posibilidade de emenda.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, para o que a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



Opcionalmente, a presentación poderase realizar de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, mediante o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, que deberá imprimirse e asinarse obrigatoriamente para a súa presentación presencial.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes comezará o 1 de abril de 2026 e rematará o 15 de abril de 2026.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da persoa solicitante.*
- *Datos de convivencia actual.*

No caso de persoas solicitantes de prazas de réxime especial:

- *Certificado de percepción da RISGA.*
- *Comprobación das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas para consultar o IMV.*

O incumprimento dos requisitos esixidos no momento no que se realiza a consulta determinará a exclusión do procedemento, ou da aplicación do réxime especial cando o incumprimento se refira unicamente á percepción da RISGA ou IMV por parte da persoa solicitante.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio, marcando a opción cun X, e achegar os documentos xustificativos de que reúnen os requisitos da convocatoria. Neste suposto os certificados achegados referiranse ao mes no que se inicia o prazo de presentación de solicitudes ou ao mes no que finaliza.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que os acheguen.

Décima. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- 4 Libro de familia no caso de menores sen DNI ou NIE. A copia do libro deberá ser íntegra e incluír os datos das persoas que figuran na solicitude.*
- 5 Sentenza de separación ou divorcio, só no caso de que algún dos membros da unidade familiar non resida no mesmo domicilio.*
- 6 No caso de solicitar a participación de menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar deberán achegar a documentación acreditativa correspondente.*

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición da documentación orixinal para cotexala coa copia electrónica achegada.

Os documentos presentados de maneira presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro da Deputación de Pontevedra dixitalizaranse para incorporalos ao expediente administrativo electrónico, e os orixinais devolveráselles ás persoas interesadas.



Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica conta cunha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo segunda. Relación de solicitudes admitidas

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas, na páxina web da Deputación de Pontevedra.

No caso das persoas que presenten máis dunha solicitude de participación, sen que renunciásen a ningunha delas, admitirase aquela que se comprabe que está correctamente presentada. Noutro caso, considerarase a primeira atendendo ao rexistro de entrada e excluíranse as demais. Así mesmo, consideraranse como suposto de duplicidade, que se resolverán coa aplicación das mesmas regras do apartado anterior, aquelas nas que a persoa solicitante coincida coa outra ou outro proxenitor incluído noutra solicitude. As solicitudes presentadas fóra de prazo quedarán directamente excluídas do sorteo.

Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este, publicarase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a lista definitiva na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo terceira. Procedemento de concesión das prazas e sorteo

A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.907) coma para as de réxime especial (50), levarase a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos, e establecerase unha orde de prelación. O sorteo será de carácter público; a data, o lugar e a hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, e incorporarase ao expediente a acta correspondente, na que se identificarán as persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente a ou o xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue e a xefa do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue, e detallaranse a metodoloxía e o resultado do sorteo.

Logo de realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno; excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.



Inicialmente adxudicaranse un máximo de 2.907 prazas de réxime xeral e 50 de réxime especial, garantindo sempre as prazas do réxime especial, e as demais solicitudes quedarán na lista de agarda, que será única para ambos os réximes.

A relación de prazas adxudicadas, así como a lista de agarda, publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral no dobre do número de unidades de prazas non cubertas.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.

Décimo cuarta. Procedemento de xestión das prazas adxudicadas

Unha vez adxudicada a praza, o persoal de xestión da empresa adxudicataria poñerase en contacto coas persoas solicitantes co fin de fixar unha data para realizar a estancia, preferentemente nalgunha das indicadas na solicitude.

O persoal da empresa adxudicataria realizará tres chamadas aos teléfonos de contacto sinalados. No caso de non poder contactar, enviarase un correo electrónico ao enderezo indicado ou unha mensaxe ao teléfono móbil, a través de calquera aplicación de mensaxería, co fin de que a persoa solicitante contacte coa empresa nun prazo máximo de tres (3) días naturais desde o envío. Transcorrido o prazo anterior, en caso de non ter resposta entenderase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude.

As persoas que desexen renunciar á súa praza deberán facelo por algún medio que permita a súa constancia:

- *Preferentemente por medios electrónicos, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.*
- *De forma escrita, en resposta á empresa adxudicataria cando se poña en contacto con motivo de organizar a estancia. Admitiranse as renuncias a través de correo electrónico, a través da aplicación de comunicación de mensaxería instantánea que a empresa utilice ou de calquera outro medio que permita a súa constancia sempre que indique de forma expresa que se trata dunha renuncia e identifique as persoas da unidade familiar ás que lles afecta.*

A empresa adxudicataria deberalle achegar cada mes á Deputación de Pontevedra, a través de medios electrónicos, a relación das persoas que renunciaren á praza e aquelas coas que non fose posible contactar, acompañada da documentación que xustifique que se realizou o procedemento indicado nesta base.

Unha vez comprobado a desistencia ou a renuncia á praza, as prazas vacantes serán adxudicadas ás persoas integrantes da lista de agarda.

Décimo quinta. Obrigas das persoas participantes

Unha vez acordada a data da estancia, a empresa adxudicataria poderá solicitar o aboamento dunha parte do custo da praza, en concepto de reserva, que non superará o 25 % do prezo total. A contía restante deberase pagar no día e na forma que sinale a empresa en función do procedemento establecido. Esta cantidade só se poderá reintegrar nos supostos en que exista un motivo debidamente xustifico con carácter previo ao inicio do gozo da estancia que lle impida á persoa participante asistir.

Serán motivos xustificados os seguintes:

- *Cancelación da actividade ou imposibilidade de prestación nas datas acordadas por causas non imputables á persoa interesada.*
- *Ingreso hospitalario ou enfermidade médica grave da persoa beneficiaria ou de membros da unidade familiar participantes no programa. Esta circunstancia deberase xustificar mediante informe médico e/ou hospitalario.*



- *Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberase xustificar mediante un informe médico, hospitalario ou certificado de defunción, segundo proceda.*

Así mesmo, a empresa informará previamente a cada persoa da cantidade que deberá aboar segundo o prezo de adxudicación e unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra, así como da forma de pagamento, que se realizará no xeito estipulado por acordo coa empresa e no tempo que esta determine antes da data da estada.

Permitirase calquera medio de pago admitido en dereito, acordado entre ambas as partes, sempre que quede constancia do pago efectivo e dos datos básicos da persoa e do programa.

As persoas con praza adxudicada que renuncien a esta deberán facelo constar por escrito para poder adxudicarlle a praza á persoa que corresponda da lista de agarda.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá selle comunicar ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.

Décimo sexta. Supostos de perda da condición de beneficiaria e reintegro

O incumprimento das obrigas requiridas para obter a condición de beneficiaria e a consignación ou achega de datos ou documentos falsos ou inexactos coa finalidade de obter unha praza no programa suporá:

- *A cancelación da estancia concedida, no caso de que esta circunstancia fose advertida con antes do gozo da estancia.*
- *A obriga de aboar a totalidade do custo da estancia no caso de que se detectase esta circunstancia con posterioridade ao seu gozo máis os xuros de demora correspondentes, que poderá esixirse polo procedemento de constrinximento.*

Todo isto sen prexuízo do réxime sancionador que, no seu caso, resulte aplicable.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Publicidade

Estas bases reguladoras e o seu extracto publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo novena. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa estarán vixentes ata o 31 de marzo de 2027.”



39.36249.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RENOVACIÓN PARCIAL DO SISTEMA DE AIRE ACONDICIONADO DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS PRINCIPAL DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2025070768)

Vista a proposta de adxudicación acordada pola Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19 de febreiro de 2026, respecto ao procedemento aberto simplificado seguido para a contratación da “Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra” (Certificado da Mesa de Contratación de apertura sobre B, co csv YMY28S2CLYT3YT1T).

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión de data 26/12/2025 aprobouse a expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado da Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal de Deputación de Pontevedra. Por acordo da Xunta de Goberno de data 23/01/2026 rectifícanse os pregos administrativo e técnico de dito procedemento. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23/01/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 12/02/2026 procede á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento. Na mesma sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación técnica ao personal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías.

Resultado que recibido informe da xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, co data 16/02/2026, e (csv: NC224LXH6AZGZRVVM), a Mesa de contratación na súa sesión de data 19/02/2026, presta conformidade as puntuacións acadadas (certificado co csv T8X18RB9ZWITH6UA2) e procede a apertura do sobre B “criterios avaliables mediante fórmulas”, das empresas admitidas.

Resultando que feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións que obteñen as empresas consta no certificado de Mesa de contratación de data 19/02/2026 e co csv YMY28S2CLYT3YT1T.

Resultando que a Mesa de Contratación en data 19/02/2026 acordou: aprobar a clasificación final das ofertas presentadas polos licitadores; propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L.; que acada a mellor puntuación; e facultou ao secretario da mesma para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa atópanse inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións



de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas. Ademais, compróbase a través do sistema de intermediación de datos que atópanse ó corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE, así como a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando que, con data 20/02/2026 o Secretario da Mesa de Contratación require a empresa ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L, para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibisen o requirimento, presenten a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP (REX_NOT2026001552 e REX_NOT2026001554)

Resultando que a empresa ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L, presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2026014298 > Doc. Requirimento de data 2/03/2026) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 4.980,00 €, (carta de pago 12026000045097, de data 3/03/2026).

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adjudicar mediante procedemento aberto simplificado o contrato de Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra, á empresa ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. (B-15123177), de acordo co seguinte prezo:

Importe sen IVE	99.600,00€
21% de IVE	20.916,00€
Importe total IVE engadido	120.516,00€

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria do vixente orzamento provincial:



Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	2026/926.9260.623.01 (vinculación xurídica)	120.516,00€

Forma de pagamento: Total

Fitos de facturación:

Mediante factura, unha vez recibido e instalado adecuadamente o equipamento, entregada a documentación detallada no prego técnico e asinada a correspondente acta de recepción.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025070768	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Marta Parada Lorenzo, xefa do servizo de Novas Tecnoloxías.

2. A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



40. 36250.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS). (EXPTE. 2025041699)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas

Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre integramente polo termo municipal de Mos.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”.

Resultando.- Que con data 29/11/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación e o Concello de Mos mediante a achega das seguintes cantidades:



Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.216.091,25 euros	80
Concello de Mos	304.022,81 euros	20
TOTAL OBRAS	1.520.114,06 euros	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, o proxecto de execución da obra “ Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos), cun orzamento base de licitación de o proxecto de 1.520.708,08 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: NHNPUNQB7DEYNFF.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: QTOHV3N6UDEAUEEZ, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...Nas aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2024066945, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documentos RC nº 12026000013278 e nº 12026000013320, por importe de 1.216.091,25 € e 304.022,81 € respectivamente [...]. Se ben consta no expediente autorización da CHMS (CSV: VSQ8JF9M1FXTA118), convén sinalar que esta establece, entre outros condicionantes, un prazo de dezoito (18) meses a partir da data da súa notificación (2 de xuño de 2025) para rematar as obras, o que deberá terse en conta. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, sen prexuízo da observación formulada que deberá terse en conta...”

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que en cumprimento do art.235 LCSP incorporouse ao expediente informe de supervisión do proxecto, que consta con CSV: IYLXL0QD7WTHBW5N, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental, e que as obras a executar precisan de cesión de terreos, tendo a día de hoxe eses terreos postos a disposición da Deputación de Pontevedra, por parte do Concello de Mos, segundo o certificado expedido polo secretario do Concello onde recolle o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de data 04/10/2024.



Considerando.- Que estudada a documentación do proxecto, considérase necesaria a autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e do Servizo de Patrimonio Cultural, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Constan no expediente autorizacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CSV: VSQ8JF9M1FXTA118) que establece entre outros condicionantes un prazo de 18 meses a partir da súa notificación (02/06/2025), para rematar a obra e do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (CSV: J28ACALI6T8MJ7KO).

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)*", redactado pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 1.520.708,08 euros IVE engadido. A este proxecto asínouse o código CSV: NHNPUNQB7DEYNFF.

41. 36251.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE "GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL" (EXPTE. 2026007318)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 11/02/2026, con rexistro núm. WEB2026008941, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Pontecesures na que solicita unha subvención por importe de 61.244,06 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026007318), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso á liña 2 a cantidade de 24.913,28 euros, importe non empregado na liña 3-activación do emprego.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Festa do churro 2026	9.034,66 €	9.034,66 €
Celebración das Festas do Carme 2026	49.022,80 €	49.022,80 €
Cursos formativos	3.186,60 €	3.186,60 €
TOTAL	61.244,06 €	61.244,06 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 13/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontecesures*, CIF:P3604400F, a cantidade de 61.244,06 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026007318), cun orzamento polo mesmo importe para levar a cabo as seguintes actuacións:

	Orzamento	Subvención
Festa do churro 2026	9.034,66 €	9.034,66 €
Celebración das Festas do Carme 2026	49.022,80 €	49.022,80 €
Cursos formativos	3.186,60 €	3.186,60 €
TOTAL	61.244,06 €	61.244,06 €



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

42. 36252.- APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO DA OBRIGA DE GASTO DA MULTA COERCITIVA RELATIVA AO PROCEDIMENTO SANCIONADOR Nº S/36/0101/00 INSTRUÍDO POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL CONTRA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, POR EXECUCIÓN DE OBRAS CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NO CAUCE E VARIOS MUROS DE MAMPOSTERÍA EN ZONA DE SERVIDUME DO REGATO SANTA MARÍA, SEN AUTORIZACIÓN, NO TERMO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS (EXPTE. 2026002794)

Resultando.- Que por Resolución de data 15/11/2001 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou eximir de responsabilidade a Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA) e impoñer á Deputación de Pontevedra a cantidade de 240,40 Euros, como suxeito responsable dunha infracción LEVE.

Resultando.- Que nos apartados C) e D) da parte dispositiva da referida resolución, estableceuse o seguinte:

“C) Advertir a la Diputación Provincial de Pontevedra que la legalización de las obras se supeditará a la resolución del expediente de autorización iniciado, significándole que caso de no resultar legalizables, deberá reponer las cosas a su primitivo estado en el plazo de QUINCE DÍAS, contados a partir de la notificación de la resolución denegatoria.

Señalar igualmente, que caso de ser las obras legalizables, deberá demoler aquellas que no sean compatibles con las condiciones que se impongan en la autorización.

D) Advertir al infractor que de no cumplir lo ordenado, se procederá a la imposición de las multas coercitivas previstas en el artº 99.1 de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y el Procedimiento Administrativo Común, artº 119 y 324 de la Ley de Aguas y del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, respectivamente, y/o a la ejecución subsidiaria establecida en los referidos preceptos legales y reglamentarios.”



Resultando.- Que por Resolución de data 08/05/2003 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou impoñer á Deputación de Pontevedra a cantidade de 240,40 € en concepto de multa coercitiva.

Resultando.- Que con fecha 20/10/2003 desestimouse o recurso de reposición interposto pola Deputación de Pontevedra contra a Resolución da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de data 08/05/2003.

Resultando.- Que por Resolución de data 24/02/2004 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou impoñer á Deputación de Pontevedra a cantidade de 300,51 € en concepto de multa coercitiva.

Resultando.- Que as obras foron obxecto de tramitación dun expediente de autorización con nº A/36/04455 resolto desfavorablemente con data 14/12/2006.

Resultando.- Que por Resolución de data 10/05/2016 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou impoñer á Deputación de Pontevedra a cantidade de 650,00 € en concepto de multa coercitiva.

Resultando.- Que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil segundo informe de data 05/05/2025 comproba que as cousas non se repuxeron ao seu estado primitivo.

Resultando.- Que segundo Resolución de data 21/07/2025 da Confederación Hidrográfica Miño-Sil informa que *“Como quiera que Diputación Provincial de Pontevedra (P-3600000H) Diputación Provincial de Pontevedra no ha realizado, hasta la fecha, la obligación "de hacer" establecida por este Organismo, es decir, no ha llevado a cabo la reposición de las cosas a su primitivo estado, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 103 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en los artículos 119 y 324 de la Ley de Aguas (Texto Refundido aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2001; B.O.E de 24 de julio), así como en el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, es por lo que, procede imponer la correspondiente multa coercitiva”*, a cal ascende a cantidade de 825,00 Euros.

Resultando.- Que ante a falta de pagamento voluntario da multa, a Axencia Tributaria emitiu en data 09/01/2026 documento de pago en vía executiva por importe de 825,00 Euros

Resultando.- Que consta no expediente informe do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 04/02/2026 (CSV: FSUZR0WZTH2K9J3S) onde se informa o seguinte:

- “
- *A carta de pago citada, é unha multa coercitiva correspondente ao expediente de reposición da legalidade na zona de dominio público hidráulico da EP-2501 por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.*
 - *A realidade física do emplazamento das obras segue sendo a mesma que motivou a imposición das sancións. Son obras realizadas no ano 2000. Dende a Deputación de Pontevedra se presentaron alegacións ante a CHMS para evitar a tramitación do expediente sancionador que, ata o momento, foron desestimadas.*
 - *Actualmente, por parte deste Servizo estanse a estudar as posibles medidas a adoptar para dar cumprimento á legalidade e evitar a reiteración da imposicións de novas sancións.*
- ”

Polo exposto, se informa que é procedente o aboamento de dita carta de pago.”



Considerando.- Que a teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da Intervención Provincial de data 23/02/2026 (CSV: 2XMEAEBE8KU06TQM).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial por vicios do procedemento da obriga de gasto en concepto de multa coercitiva imposta pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en execución da resolución do expediente sancionador nº S/36/0101/00, polo importe OITOCENTOS VINTE E CINCO EUROS (825,00 €), con cargo a aplicación 26/456.4530.226.99 do vixente orzamento provincial.
2. Ordear o pago da obriga de gasto recoñecida segundo o apartado anterior.

43. 36253.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE GASTO DA MULTA COERCITIVA RELATIVA AO PROCEDEMENTO SANCIONADOR Nº S/36/0047/94 INSTRUÍDO POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL CONTRA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, POR EXECUCIÓN DE OBRAS NO CAUCE DO RÍO LOURO, SEN AUTORIZACIÓN, EN GÁNDARA, NO TERMO MUNICIPAL DE MOS (EXPTE. 2026002796)

Resultando.- Que por Resolución de data 29/05/1995 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou declarar prescrita a infracción a Deputación de Pontevedra, como suxeito responsable dunha infracción MENOS GRAVE.

Resultando.- Que nos apartados B) e C) da parte dispositiva da referida resolución, estableceuse o seguinte:

“B) Requerir a la Diputación Provincial de Pontevedra (P-3600000H) a fin de que en el plazo de UN MES contado a partir de la notificación de la resolución, reponga las cosas a su primitivo estado, demoliendo a su costa, las obras e instalaciones realizadas.

Esta orden quedará en suspenso si durante el plazo establecido el denunciado solicita la oportuna autorización/concesión con objeto de legalizar lo ilegalmente ejecutado, con la advertencia que de no resultar legalizable, deberá demoler las obras en el plazo de un mes contado a partir de la notificación de la resolución denegatoria.

C) Advertir al infractor que de no cumplir lo ordenado, se procederá a la imposición de las multas coercitivas previstas en el artº 99.1 de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre, artº 119 y 324 de la Ley de Aguas y del R.D.P.H., respectivamente, y/o a la ejecución subsidiaria establecida en los referidos preceptos legales y reglamentarios.”

Resultando.- Que as obras foron obxecto de tramitación dun expediente de autorización con número de expediente A/36/13026 resolto favorablemente con data 10/06/2022, a cal non inclúe a legalización da obra de paso existente.



Resultando.- Que por Resolución de data 22/02/2018 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou impoñer a Deputación de Pontevedra a cantidade de 825,00 € en concepto de multa coercitiva.

Resultando.- Que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil segundo informe de data 21/11/2024 comproba que as cousas non se repuxeron ao seu estado primitivo.

Resultando.- Que segundo Resolución de data 21/07/2025 da Confederación Hidrográfica Miño-Sil informa que *“Como quiera que Diputación Provincial de Pontevedra (P-3600000H) Diputación Provincial de Pontevedra no ha realizado, hasta la fecha, la obligación "de hacer" establecida por este Organismo, es decir, no ha llevado a cabo la reposición de las cosas a su primitivo estado, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 103 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en los artículos 119 y 324 de la Ley de Aguas (Texto Refundido aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2001; B.O.E de 24 de julio), así como en el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, es por lo que, procede imponer la correspondiente multa coercitiva”, a cal ascende a cantidade de 1.000,00 Euros.*

Resultando.- Que ante a falta de pagamento voluntario da multa, a Axencia Tributaria emitiu en data 09/01/2026 documento de pago en vía executiva por importe de 1.000,00 Euros

Resultando.- Que consta no expediente informe do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 04/02/2026 (CSV: FSUZR0WZTH2K9J3S) onde se informa o seguinte:

- “ - *A carta de pago citada é unha multa coercitiva correspondente ao expediente de reposición da legalidade na zona de dominio público hidráulico da EP-2601 por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.*
- *A realidade física do emplazamento das obras segue sendo a mesma que motivou a imposición das sancións. Son obras realizadas no ano 1994. Parte das obras executadas foron legalizadas conforme a documentación incorporada ao expediente. A multa coercitiva se mantén pola desestimación da legalización dunha obra de drenaxe transversal existente.*
- *Actualmente, por parte deste Servizo estanse a estudar as posibles medidas a adoptar para dar cumprimento á legalidade e evitar a reiteración da imposicións de novas sancións.*

Polo exposto, se informa que é procedente o aboamento de dita carta de pago.”

Considerando.- Que a teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da Intervención Provincial de data 23/02/2026 (CSV: 23FMAQKYWCGT5WG5).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial por vicios do procedemento da obriga de gasto en concepto de multa coercitiva imposta pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en execución da resolución do expediente sancionador nº S/36/0047/94, polo importe MIL EUROS (1.000,00 €), con cargo a aplicación 26/456.4530.226.99 do vixente orzamento provincial.
2. Ordear o pago da obriga de gasto recoñecida segundo o apartado anterior.



44. 36254.- BASES PARA REGULAR A CONCESIÓN DE PRÉSTAMOS SEN INTERESE ATA CONTÍA MÁXIMA DE SEIS MIL EUROS. (EXPT.E. 2026012029)

De conformidade co establecido no artigo 66 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 79 do I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, tendo en conta o informe favorable de Intervención de data 04/03/2026 e posterior dilixencia de data 13/03/2026, aproba por unanimidade as bases reguladoras da concesión dos préstamos sen interese do ano 2026 ata a contía máxima de 6.000 €, elaboradas pola Comisión Paritaria Mixta en desenvolvemento do previsto nos referidos artigos.

Estes préstamos concederáanse con cargo á consignación económica incluída na aplicación orzamentaria 921.2210.830.07 , e rexeráanse polas seguintes BASES:

“

1. *BENEFICIARIOS/AS*

Poderán solicitar préstamos sen interese os funcionarios/as de carreira en activo e persoal laboral fixo dependente da Deputación Provincial de Pontevedra.

2. *CONTÍA*

Os préstamos sen interese poderán concederse ata a contía máxima de seis mil euros ó persoal que reúna os requisitos establecidos nestas Bases.

Estes préstamos serán amortizados con reintegro uniforme, resultante de dividir a contía concedida entre 48 mensualidades, ampliables a 60 para o persoal do subgrupo C2 e 72 para o do grupo E, se así o solicitan as persoas interesadas, cantidades que lles será detraída da nomina correspondente.

3. *FINS ÓS QUE SE DESTINA O PRÉSTAMO*

Con cargo á consignación económica prevista na aplicación orzamentaria 921.2210.830.07 atenderanse as solicitudes que se destinen aos seguintes fins:

- a) Compra da vivenda que constitúa residencia única e habitual da persoa peticionaria ou praza de garaxe.*
- b) Melloras da vivenda en propiedade que reúna as características anteriores*
- c) Amortización de préstamos bancarios por adquisición ou mellora da vivenda habitual da persoa interesada.*
- d) Adquisición de mobiliario para a vivenda habitual da persoa interesada.*
- e) Compra de vehículo particular, cando por razón do seu traballo teña que realizar desprazamentos do centro de traballo ó lugar onde desenvolve a súa actividade.*
- f) Gastos derivados de procesos de enfermidade grave cando se refiran directamente á persoa solicitante, ó seu cónxuxe, fillos/as, ou a persoa dependente economicamente do mesmo, integrante da unidade familiar.*



Non terán dereito a préstamos sen interese para adquisición de primeira vivenda ou mellora da habitual, aqueles beneficiarios que posúan máis dunha vivenda por unidade familiar.

O modelo normalizado de solicitude incluírá as declaracións responsables necesarias para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases, en particular respecto da concorrencia das circunstancias que xustifican o destino do préstamo sen interese.

4. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O procedemento para a concesión dos préstamos sen interese iniciarase por medios electrónicos a través do modelo de solicitude dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para o acceso ao formulario será necesaria a identificación electrónica na sección "A MIÑA SEDE" onde se mostra o catálogo de procedementos do persoal empregado público.

A sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se determina na base sexta, segundo o fin ao que se destine o préstamo solicitado.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do acordo no portal do empregado da Deputación Provincial.

Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. En todo caso non se admitirán a trámite e, por conseguinte, non existirá a posibilidade de emenda, das solicitudes presentadas fóra de prazo.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

Co obxectivo de acreditar as circunstancias obxecto de valoración consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *Certificado de residencia das persoas solicitantes*
- *Datos catastrais dos bens inmobles dos que sexa titular a persoa solicitante e, se é o caso, o seu cónxuxe ou persoa en situación análoga de convivencia.*

Se as persoas interesadas se opuxesen a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

En caso de que fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.



7. DOCUMENTACIÓN

A persoa interesada, segundo o motivo para o que require o préstamo, deberá presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- A. *Gastos da compra da vivenda única e habitual da persoa interesada ou praza de garaxe:*
- *Presuposto da vivenda ou praza de garaxe que se desexa adquirir ou escritura acreditativa da adquisición ou construción formalizada no ano 2026.*
 - *Anexo I. Modelo para a comprobación de datos de cónxuxes ou persoas en situacións análogas.*
- B. *Gastos de melloras da vivenda en propiedade que reúna as características anteriores:*
- *Presuposto da mellora a realizar.*
 - *Anexo I. Modelo para a comprobación de datos de cónxuxes ou persoas en situacións análogas.*
- C. *Gastos destinados á amortización de préstamos bancarios pola adquisición ou mellora de vivenda habitual da persoa peticionaria:*
- *Xustificante do préstamo bancario.*
 - *Anexo I. Modelo para a comprobación de datos de cónxuxes ou persoas en situacións análogas.*
- D. *Gastos destinados a adquirir mobiliario para a vivenda habitual da persoa interesada:*
- *Presuposto de compra de mobles segundo corresponda á petición.*
 - *Anexo I. Modelo para a comprobación de datos de cónxuxes ou persoas en situacións análogas.*
- E. *Gastos derivados de procesos de enfermidade grave:*
- *Informe médico no que conste que padece unha enfermidade grave, sen facer mención á patoloxía.*

8. NOTIFICACIÓNS

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> ou a través da URL <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitralles ás persoas solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



9. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DE DEFECTOS FORMAIS.

Se a solicitude, factura ou documentación presentada adoece dalgún defecto emendable, requirirase a persoa interesada para que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos, advertíndolle que, se así non o fixera, teráse por desistido da súa petición.

Neste procedemento todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar faranse por medios electrónicos.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles no seguinte enlace:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

10. CRITERIOS DE CONCESIÓN

Para a concesión dos préstamos terase en conta o certificado de haberes por todos os conceptos do exercicio anterior da persoa solicitante.

Na adxudicación dos préstamos darase preferencia as persoas solicitantes co nivel de renda máis baixo.

11. INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

O Servizo de RRHH e Formación será o competente para a instrución do procedemento de concesión dos préstamos sen interese.

Por cada solicitude que se presente a través da sede electrónica da Deputación xerarase un expediente administrativo, no que se incorporará toda a documentación aportada pola persoa interesada.

Revisada a documentación, o Servizo de RRHH e Formación informará sobre o cumprimento dos requisitos esixidos e procederá a clasificación das solicitudes segundo o disposto na base novena.

A proposta de adxudicación remitirase á Comisión Paritaria Mixta, que elevará a proposta definitiva ao órgano competente da Deputación Provincial para a súa aprobación.

Á vista da documentación que integra o expediente, Intervención emitirá informe de fiscalización e poderá solicitar os informes aclaratorios que estime procedentes.

O prazo de resolución será de tres meses a contar dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Non se tramitará unha nova solicitude de préstamo ata que a persoa interesada teña amortizado a totalidade do anticipo ou préstamo que lle fora concedido con anterioridade.

Se a persoa funcionaria a que se lle outorgase un préstamo sen interese causa baixa no seu posto de traballo, como consecuencia da extinción da súa relación laboral, concesión de calquera tipo de excedencia, permiso sen soldo ou suspensión da relación funcional,



agás a dimanante da incapacidade temporal ou do permiso po coidado de menor ou paternidade, o reintegro das cantidades non devoltas será practicado dentro do mesmo mes en que se produza a mencionada baixa.

12. XUSTIFICACIÓN DOS PRÉSTAMOS SEN INTERESE

Transcorrido un prazo máximo de 6 meses dende a concesión do préstamo, a persoa beneficiaria deberá presentar a través da sede electrónica da Deputación Provincial, segundo corresponda, a seguinte documentación:

- a) Factura ou facturas correspondentes nas que figuren o IVE e o NIF da empresa/s que realice ou subministre a obra ou na que se adquiran os mobles.*
- b) Escritura acreditativa da adquisición ou construción da vivenda que constitúa a residencia única e habitual da persoa petionaria.*
- c) Xustificante de haber amortizado o préstamo bancario correspondente.*
- d) Documento público de adquisición de garaxe, ou licenzia municipal no caso de construción acompañada das facturas correspondentes nas que figure o IVE ou NIF da empresa que realice a obra.*
- e) Factura de compra de vehículo particular debidamente cumprimentada.*
- f) No caso de enfermidade grave as facturas que deriven do tratamento médico que reciba o afectado e gastos complementarios. Así mesmo, nos casos de construción ou adquisición de vivenda deberá presentarse documento público ou privado da adquisición ou construción no prazo dun ano.*

Se transcorridos estes prazos máximos de seis ou doce meses non se achegaran as facturas ou xustificantes, a Deputación Provincial procederá a descontar en nómina o 30% do salario mensual da persoa petionaria, ata detraer a cantidade total concedida. Neste suposto o beneficiario/a non poderá optar a concesión dun novo préstamo sen interese ata que transcorra un prazo de vinte anos.

13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este expediente, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven. A procedencia dos datos é do propio solicitante, tanto en relación aos seus datos de carácter persoal, como os que poida achegar acerca de terceiras persoas. O solicitante garante a veracidade da información achegada, así como a legalidade dos datos achegados sobre terceiros no presente procedemento.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento non serán obxecto de comunicación ou cesión, salvo nos supostos legalmente establecidos, conservándose o tempo que esixa o procedemento administrativo.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”



- 45.36255.- COMUNICACIÓNS Non houbo.
- 46.36256.- FÓRA DA ORDE DO DÍA Non houbo.
- 47.36257.- ROGOS E PREGUNTAS Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

